

## UNHA DAMA E TRES LINAXES OURENSANS IMPLICADOS NUN HOMICIDIO NO SÉCULO XVI

*Olga Gallego Domínguez  
Francisco Fariña Busto*

### INTRODUCCIÓN

Dona Inés Pérez de Belmonte era unha ourensá do século XVI coñecida pola mención do testamento do famoso escultor Juan de Juni, quen nunha das súas mandas establece que se lle faga chegar unha imaxe da Virxe que lle encargara<sup>1</sup>. Desa imaxe hai mención clara nun documento posterior, xa que serve de modelo para outra que se lle encarga anos despois ó tamén coñecido e celebrado escultor Francisco de Moure<sup>2</sup>, e a escultura pasou, anos despois, da igrexa de San Francisco ó Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense onde se conserva.

Pero máis alá destas referencia documentais, existen outras que nola mostran como prototipo da presencia e papel dunha muller de familia fidalga nunha sociedade do Antigo Réxime coma a ourensá do século XVI, aínda que con rasgos dalguna excepcionalidade e persoalidade singular. A opción que se lle presentaba as mulleres atopábase ou ben no matrimonio, sempre coa presencia dunha boa dote, pois canto maior era, mellor podía ser a nova situación; ou ben refuxiarse nun convento, tamén cunha dote, ainda que soía ser inferior, ou ben quedar solteira, estando a depender

1. O testamento de Juni en J.J. MARTÍN GONZÁLEZ, *Juan de Juni*, Madrid, 1982.

2. M<sup>a</sup>. D. VILA JATO, *Francisco de Moure*. Santiago: Xunta de Galicia, 1992, esp.29: El día 24 de julio de 1599 Francisco de Moure contrata ante el notario la ejecución de un retablo para la iglesia de San Francisco de Ourense, encargado por María de Neira, viuda que fincó de Antonio Pereyra, escribano, en donde se puede leer: "...y en la principal a de aber la imagen de Nuestra Señora de la Concepción de seis palmos de alto del tamaño echura y traza que es la otra ymagen de la madre de Dios que fue de Ynés Pérez de Belmonte, que al presente esta en la sacristía de dicho monasterio".

do morgado, pois, normalmente, a herданza dos bens libres dos seus pais, non soía ser importante, cando non gravada de débedas, ou, finalmente, a depender de parentes ou damas da alta nobreza (condes de Ribadavia ou Lemos, etc.) como criadas ou damas. Aínda que contamos con aproximacións xerais á historia das mulleres<sup>3</sup>, os referenciais en Galicia son aínda escasas<sup>4</sup>, polo que esta aproximación ofrécenos unha más das posibilidades que os documentos poden aportar a ise millor coñecemento que se precisa.

A nosa protagonista pertencía a unha familia fidalga, rica en bens rústicos (eran señores xurisdiccionais de Solveira e de Belmonte e posuían granxas e bens rústicos nos arredores da cidade) e urbáns (vivían na cidade onde tiñan casas), que non desprezaban outra clase de negocios lucrativos - préstamos, avais, etc.-, e culta, segundo se aprecia no feito de que Inés, muller, soubese escribir, firmando ó longo da súa vida cunha soltura rara na súa época, e cunha sensibilidade artística que demostrou no encargo ó escultor Juan de Juni dunha imaxe da Virxe da que non sabemos, polo de hoxe, o seu destiño primixenio.

A súa educación, que cabe deducir e que non sabemos onde a acadou, é excepcional nas mulleres no Ourense daquel tempo, no que non había colexios nen conventos ou mosteiros femininos, cando menos na cidade. Polo seno da familia en que naceu, estaba rodeada de todos símbolos do seu estatus social (escudos de armas nos seus pazos e na capela funeraria da igrexa de Sta. María Nai, dote de casamento cuantiosa, enxovais, etc.). Inés emparentou con outros linaxes fidalgos do maís granado da cidade, convenientemente maridada polo seu pai, primeiro con un Enríquez, e logo, con un Oca, como teremos ocasión de ver.

Na sociedade ourensá do século XVI a súa persoalidade non pasara desapercibida, antes ó contrario, a súa persoa aparece no centro de dous feitos que as crónicas da actualidade xornalística non deixarían de remexer no caso de acontecer hoxe en día. Foi o caso que nun dos frecuentes "ruidos", como entón se chamaban ós sucesos nos que amais de berros saíran a relucir as espadas e puñais para solventar as disputas, morreu un dos rexedores da Cidade, Roi Vázquez Enríquez, e como culpables foron señalados outro persoaxe significado da Cidade, don Diego de Oca Sarmiento, e os seus

3. Cfr. p.e. G. DUBY e M. PERROT (dir.) *Historia de las mujeres*. Taurus, 1993. en cinco volumes, de carácter xeral que inclue referencias a España.

4. M<sup>a</sup> del Carmen PALLARÉS MÉNDEZ, *Conciencia y resistencia: la denuncia de la agresión masculina en la Galicia del siglo XV*, ARENAL. *Revista de historia de las mujeres*, 2, nº 1, ene-jun 1995, 67-79.

criados. A familia do morto perseguiú os asesiños, pero pouco tempo despois, a súa viúva outorgalle o seu perdón e casa co principal acusado. Ocurrían os feitos nos anos 1554 e 1557 e tras do feito puntual suscítase e delínease unha das típicas situacions de conflicto e relación entre as poderosas familias que se disputaban os negocios e o poder político no Ourense da época: os Enríquez, os Belmonte e os Oca, o que nos permite pescudar nas relacions interfamiliares, os conflictos e intereses económicos existentes e aproximarnos ó coñecemento da diversa realidade social do Ourense renacentista.

A sociedade ourensá de finais do século XV e XVI é unha sociedade de antigo réxime, de configuración estamental, na que os individuos non eran iguais ante a lei, ainda que a separación entre estamentos non era clara nin ríxida, senón bastante móvel. Nas xentes podemos distinguir veciños peiteiros, que pagaban os impostos, labregos propietarios de terras, foratarios e xornaleiros, e burgueses, grupo heteroxéneo formado por artesáns e mercadores de todas clases, que traballaban o campo e nos seus oficios<sup>5</sup>. Constituían a base fundamental da población pola riqueza que xeraban e polo seu número. Ó seu carón temos tamén os pobres de solemnidade ou de “pardios”, que vivían de esmolas, e os nobres, principalmente fidalgos, e alto clero (bispo, deán, arcediagos, coengos, etc. da catedral e abades das dúas parroquias da cidade). Isteas eran xentes privilexiadas exentas de moitos impostos e propietarios de bens inmobles e de señoríos xurisdiccionais, que vivían das rendas da terra, de impostos xurisdiccionais e de negocios en procura de lucro (arrendamentos das rendas de beneficios curados e de toda clase de rendas, préstamos de diñeiro para negociar a medias, etc.).

Os fidalgos asaltaban xa os cargos concellís e posuían en exclusividade os rexementos, xuzgados, escribanías, procuradorías xerais e outros cargos do concello por nomeamento dos bispos. A súa vida limitábase a administración mellor ou peor do seu patrimonio, a preitos, intrigas cidadáns e políticas, rezos, xogos e cacerías, pois a vocación polas armas vai devecendo, e, pronto, tamén a emigración a América será unha saída.

Seguían a moda no vestir, na apariencia en todos los aspectos, como representación das xerarquías, da utilidade e da seducción; participaban nas cofradías, algunha tan propia coma a de Santiago<sup>6</sup>, e a documentación nos

5. Unha visión xeral da cidade de Ourense en O. GALLEGOS DOMÍNGUEZ, *Ourense a través dos séculos*. Ourense, Anexos do Boletín Avriense, 27. 2001.

6. P. LÓPEZ GÓMEZ e O. GALLEGOS DOMÍNGUEZ, La cofradía de Santiago de los Caballeros de Ourense y sus banquetes festivos, (en prensa).

ofrece algunhas aproximacións a súa riqueza e ostentación, tanto nos inventarios post mortem como nos empréstitos de obxectos de prata e ouro, que serven tamén de aval nas operacións económicas.

Nese intre, no século XVI, Ourense era unha microcidade con pouca raigaña como tal. Máis ben, un pobo cativo, que por ser centro administrativo político-eclesiástico, ter lugares fortificados (torres e cerca) con garniciones, mercados e feiras, e ser lugar de residencia de profesionais especializados(médicos, boticarios, avogados, etc.), destacaba claramente do medio rural. A súa población, moi cambiante polas crisis de fame e pestes, de produción de viño, guerras e emigración interior e exterior, vai dos 2.000 habitantes que fixa López Carreira no fin do XV, ós 416 veciños de 1512 ou 925, de 1597<sup>7</sup>. Ben é verdade, que se recuperaba dende os primeiros anos do século das crisis sofridas no século anterior, onde os efectos da peste e da revolta Irmandiña deixaran moitos baldios e baleiros entre as construccions da cidade, e dende os primeiros anos do século veremos rexurdir construccions eclesiásticas e civis que supoñen unha remodelación activa da panorámica urbana como teñen suliñado Ferro Couselo, Núñez Rodríguez e López Carreira<sup>8</sup>.

Neste mundiño destacan varios linaxes de fidalgos: os Nóboa, Villamarín, Moure, Cadórniña, Rodríguez de la Morera, Deza, Belmonte, Puga, Prado, Blanco, Enríquez, Oca, Espinosa, Mosquera Sotelo, Méndez, etc., que aparecen vinculados ós cargos cidadáns e tamén na procura dos beneficios eclesiásticos. De entre eles, agora, interésannos os linaxes dos Enríquez, Belmonte e Oca, directamente relacionados con un acontecemento de sangue que xira arredor da dona ourensá, Inés Pérez de Belmonte, a nosa biografiada.

## DONA INÉS PÉREZ DE BELMONTE

A nosa muller era filla do primeiro matrimonio do rexedor de Ourense, Fernán Alvarez de Belmonte, quen casará con María Jiménez, da que tivo a Pedro Alvarez de Belmonte e a Inés Pérez de Belmonte. Viudo, en 1558 xa estaba casado en segundas nupcias con Antonia de Nóboa, como se acredita notarialmente<sup>9</sup>, con quen tivo outros dous fillos.

7. Juan Manuel RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Ourense na idade Moderna. *Historia de Ourense*. Ourense. Vía Láctea Editorial. 1996.

8. X. FERRO COUSELO, *Visión urbanística del Ourense antiguo*. Ourense, La Región junio 1960. Hai edición autónoma co mesmo título a cargo do Museo e da Biblioteca Pública de Ourense. Ourense, Grupo Marcelo Macías, 1985. M. NÚÑEZ RODRIGUEZ, Boletín del C.O.A.G.. A. LÓPEZ CARREIRA,

9. Gonzalo Placer. 1558, f. 166.

Estas situacions, de máis dun matrimonio, procuraban conflictos entre os fillos dos sucesivos matrimonios polo reparto das herencias o que indirectamente nos serve para tracexar as súas biografías, como acontece no noso caso. En efecto, o 13 de febreiro de 1560 morre Fernán Álvarez sen facer testamento e a viuva, Antonia de Nóbua, preséntase con dilixencia, a media hora do pasamento (entre as 9 e as 10 da noite) ante o xuez Mendo de Puga e exponlle que quedaban dous menores, Petronila de Nóbua e Pero Alvarez o Mozo, menores de 14 anos e que non sabían falar e esperaba pretexar cos outros fillos do primeiro matrimonio do seu marido polos seus bens dotaís e pídelle que lles dé tutor, propondo ó seu tío Juan de Nóbua de Puga, veciño de Ourense, “rico e abonado”, o cal, presente, acepta o cargo<sup>10</sup>.

Pero moi pouco sabemos desta filla do Fernando Alvarez de Belmonte, dona Inés Pérez de Belmonte, ata que casou. O que sí coñecemos é que os seus pais preocupáronse de que levara unha boa educación, ó igual que fixeron co seu irmán Pedro Alvarez, que estudiou en Monterrei e en Salamanca. Inés acadou una cultura e sensibilidade artística notable, como se desprende do feito de que soubera ler e escribir, deixándonos unhas firmas áxiles nos numerosos documentos que tivo que asinar debido ós múltiples avatares polos que pasou, e da súa sensibilidade artística quedou esa maravillosa escultura da Virxe, que encargou a Juan de Juni.

En realidade vémola aparecer a raiz dun feito luctuoso, a morte de Roi Vázquez Enríquez, rexedor da cidade, co que casara algún tempo antes, xa que estaba embarazada e debe dar a luz logo de marzo de 1554, a un fillo de nome Pedro Vázquez Enríquez.

Descoñecemos, pois, cando casou con Rodrigo (Roi) Vázquez Enríquez, pero coidamos que debeu ser no ano 1553, posto que ó Rodríguez matárono nese ano e a Inés esperaba un fillo póstumo o 6 de xaneiro de 1554, data na que Lorenzo de Banga, veciño de Ourense, como curador da Inés, viuva xa, e de Alvaro Vázquez, fillo natural de Rodrigo, da poder a procurador para o preito que trataba con Provisor de Santiago e con Diego de Oca Sarmiento “sobre sí lo tiene de tener preso en la cárcel pública o no sobre el delito de la muerte de Rodrigo Vázquez Enríquez de que está acusado”<sup>11</sup>.

Dende a morte do seu marido comenzaron anos difíciles para Inés, inmersa dende entón en preitos co seu cuñado, Alonso Enríquez, e co poderoso D. Diego de Oca, inductor, ó parecer, da morte de Rodrigo.

10. AHPOur. Protoc. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 17.

11. Gonzalo Placer. 1554, f.38.

As primeiras dificultades veñen do irmán do seu marido, que reclama a metade da herданza dos seus pais. O 9 de marzo de 1554 do mesmo ano, Inés ten que arreglarse co seu cuñado Alonso Enríquez, por sí e por o fillo que esperaba, sobre a herданza dos pais de Roi e de Alonso. Roi, ou Rodrigo, segundo o documento, tiña a Granxa de Ibil e fixera nela unha casa que partira co Alonso e lle dera en recompensa a pousa de Nedos e outras coussas e aforara a Granxa de Ibil ós labregos e logo, ó morrer Roi, o Alonso meteu-se nela decindo que tiña súa parte e na demais herданza dos seus pais, alegando que non partiran e que fora moi enganado e que quería a metade dos bens.

Inés ten que preitexar contra o Alonso e cos demais que o axudaran a quebrar a posesión que tiña o Roi, seu home. A Real Audiencia culpou ó Alonso e ós consortes e secuestrou os bens. En este situación, dado o estado da Inés, concordáronse en que o Alonso vivise nas casas de Ibil ata que a Inés dese a luz e que non quitase ós labregos nada e que esto non supoña adquirir posesión. Logo porían as diferencias nas mans de fidalgos<sup>12</sup>.

Sobre don Diego de Oca debeu de chegar algunha condena, pois o 17 de abril do mesmo ano, Miguel de Leguízamo, veciño de Ourense, da carta de pagamento a favor de Luis de Aguiar de 55 moios de viño que foran depositados en este e en Alonso de Pousa en precio de 20 reis cada moio e un cabalo ensillado e enfrenado en 20 ducados, 3 rodelas, en 9 reais, que tamén foron depositados nos mesmos, pero estos depositarios non deran os bens ó alcalde maior, que os prendeu, e agora o Luis pagara a metade, que eran 664 reais, e acusa ó seu compañoiro, o Pousa, de vender os bens sen autorización e que non llos pagaba e que o Luis para poñer seu derecho a salvo, pagara 22.593 mrs., que era a metade do en que foran rematados os bens, e entregoullos ó Leguízamo. Os bens fóranlle rematados a Inés Pérez de Belmonte. O Leguízamo pide que o Aguiar sea solto da prisión para que poida pedir ó Alonso o que debía<sup>13</sup>.

Pasaron despois tres anos dos que nada coñecemos e o 27 de marzo de 1557, Inés, como tutora do seu fillo Pero aproba todo o que Juan de Talavera, residente en Valladolid, fixera no preito que trataba co Diego de Oca Sarmiento sobre a morte do seu marido e do breve apostólico que sacou novamente contra o Oca e dalle poder para rematar o preito do dito Breve que tiñan contra o Oca sobre dita morte e sobre seu clericato. Son testemunñas da escritura o mercador Bartolomé de León, ó que vamos a ver apoian-

12. Gonzalo Placer. 1554, f. 60.

13. Gonzalo Placer. 1554, f. 96.

do a Inés en outros documentos, e Francisco de Nóboa, paxe da Inés<sup>14</sup>. A expresión “seu clericato” fainos pensar que Diego de Oca poido desempeñar algún cargo eclesiástico estando solteiro ou viuvo da primeira muller.

Pouco despois, o 23 de abril de 1557, Inés, probablemente aconsellada ou presionada e farta de preitos e pelexas e, porque non, con estreiteces e dificultades, por sí e polo seu fillo Pedro, perdoa ó Diego de Oca, a Cristóbal Feijoo, que estaba preso, e a Juan Feijoo, Afonso López, Lois de Castelo, Alvaro Vázquez, Pero Pérez, Rui Suárez e Juan Vázquez, seus criados, a morte do seu marido e apártase do preito que tiña contra eles, “en cumplimiento de la amistad y capitulaciones que en razón de dicha muerte tiene otorgado por haber sido sobre ocasión de palabras e subceso de bentura e como murió el uno pudiera morir el otro e por escusar muertes y escándalos que se podían suceder de las diferencias pasadas de la dicha muerte e por la paz e quietud desta çibdad de Orense e vezinos della e principalmente por serbiçio de Dios e porque me perdone y al dicho mi hijo nuestros pecados e por otras muchas causas que me mueben”. Pon como condición que o Cristóbal e Lois non entren na cidade en catro leguas órredor, seguramente porque eran os executores da morte do Roi<sup>15</sup>.

Sen dúbida, o escándalo da morte dun rexedor da cidade polos criados doutro rexedor debeu de conmover á pequena cidade, con partidarios e familiares dun ou doutro bando e a intervención dos tribunais civis e eclesiásaticos. O arranxo estaba, pois, cantado, ainda que non da forma que sucedeu. Así, o 8 de xuio, Juan Enríquez, veciño de Castro Caldelas, por sí e como tutor de Pero e Alvaro Vázquez, fillos do Roi, tamén perdoa a Diego de Oca Sarmiento e ós que con el se atoparan na morte do Roi, que son os mesmos citados no anterior documento, e coa mesma pena para o Cristóbal e o Lois<sup>16</sup>.

Os sucesos van de presa e o 19 de xuio o pai de Inés, o rexedor Fernán Alvarez de Belmonte, dótaa para casar co Diego de Oca e dalle a esta, polo que podía herdar da súa nai, María Jiménez, e pola lexítima que lle podía pertencer do pai, 5.000 ducados, dos que lle dera 2.000, e os 3.000 restantes llos pagaría en cinco anos nun xuro sobre as alcabalas reais de Ourense para o que lle daría o privilexio. Volve a figurar como testemuña o mercador Bartolomé de León, Juan Feijoo, criado do Oca, e outros<sup>17</sup>.

14. Gonzalo Placer. 1557- 1º, f. 29

15. Gonzalo Placer. 1557 (3º), f. 31.

16. Gonzalo Placer. 1557(3º), f. 33.

17. Gonzalo Placer. 1557, f. 35.

A dote non lla chegou a pagar o seu pai, pois morreu antes dos cinco anos, en 1560. Será o seu irmán, Pero, o encargado de rematar a débeda, como vemos no seu testamento e nos documentos nos que aflora o pleito que mantiveron nos anos seguintes.

A vida de Inés incardínase dende o seu casamento co Diego na casa de Oca, ó parecer con pouca relación co seu irmán, aínda que defenden conxuntamente os seus dereitos fronte á viuva do segundo matrimonio do seu pai e dos meio hirmáns. E a súa vida vai a trascorrer entre o pazo de Ourense e o pazo de Afonsas, en Celme, ó cuidado da súa prole, do seu marido e dos negocios da casa. Así o acreditan os documentos de todo ise período, nos que moitas veces aparece a carón do seu home.

Pero á morte deste, ocurrida entre decembro de 1577 e xaneiro de 1578, volverán os preitos pola heranza, polo disfrute da casa, polas dotes dos seus fillos e fillas, polas compras e negocios e así veremos pasar os anos da súa vida ata o seu pasamento, que debeu ocurrir polo 1596 como se pode deducir dun curioso documento que garda na súa literalidade o embruxo da sen dúbida forte persoalidade e tamén, por que non, poderoso atractivo de dona Inés, pois non doutro modo cabe pensar ante as palabras do testamento do veciño de Ourense, Juan González del Valle: “*me entierren en la iglesia de Trinidad desta ciudad junto a las rejas de la puerta de la Capilla Maior de la dha. Iglesia, de la parte de fuera hacia la mano derecha, a donde solía asentar Ynés Pérez de Val monte, difunta, y mis cumplidores den lo acostumbrado por razón de la dha. Capilla*”<sup>18</sup>.

Pero, antes de chegar a este punto da biografía persoal de dona Inés, situemos a súa linaxe familiar: os Belmonte, señores de Solveira e de Belmonte e os do seu primer marido, os Vázquez Enríquez, para seguir logo co segundo, os Ocas, e a propia biografía, rematando coas andanzas dos fillos, hirmans e familiares máis directos e, diste xeito, tecer unha axeitada proximación á complexa relación e equilibrio familiar, comercial e político da cidade de Ourense niste século.

---

18. ADOur. Prot. de Juan Serrano, 1597, f. 62. O text, literal, inclue unha primeira parte na que se pode ler: “Primeiramente que mi cuerpo sea enterrado en la iglesia mayor deste ciudad en la Capilla del cardenal Febos Rodríguez, por tanto soy pariente por consanguinidad del dho. Cardenal, por ende ruego a los testamentario del dho. Cardenal me den sepultura en la dha. capilla conforme a la disposición del dho. cardenal y como a ellos les pareciere y mando en dcaso que los dhos. Cumplidores del dho. Cardenal Febos Rodríguez no quisieren darmee en la dha. capilla sepultura segun dho. tengo, me entierren...”

## 1. OS BELMONTE

1.1. O primeiro persoaxe coñecido desta linaxe dos Belmonte é o *escudeiro Pedro Alvarez*, a quen, en 1432, xunto coa súa muller, Elvira González e a cinco voces, o Cabido da Catedral lle fai foro do lugar e pouxa de Belmonte, na fregresía de Pazos de S. Clodio, en 15 libras de diñeiros brancos “non embargantes grando nen giada”<sup>19</sup>. Ten, pois, a orixe do patrimonio deste señorío un foro da Igrexa, como era habitual en outros moitos señoríos da época. Case que un cuarto de século despois, o 26 de xaneiro de 1454, este escudeiro, morador en Belmonte, é requerido polo Cabido para que sinale bens para 90 mrs. dun aniversario que prometera, ó que aquel resposta que os determinará en concreto cando viñese de Santiago o seu xenro e procurador, Juan González Almazán<sup>20</sup>.

Tiña, tamén bens na cidade de Ourense, pois o 4 de febreiro do mesmo ano, estando na Pousa de Belmonte, da en foro a Alfonso Pérez de Chantada e a súa muller, Teresa Rodríguez, unha viña en Ourense, xunto ó muro da ermida do Posío, pertencente a capela de Rodrigo Maravilla, pola quinta do froito<sup>21</sup>.

### 1.2. *O rexedor Pero Alvarez de Belmonte e Beatriz Enríquez*

Era fillo do anterior do mesmo nome e da súa dona Elvira González, e seguía a fortuna do pai, tratando con negocios de foros de terreos e casas. Así, en 1498, da en foro unha casa na rúa de Cima (S. Pedro) a Rodrigo Anes Pereira e a súa muller e a oito voces, en 50 mrs. ó ano<sup>22</sup>. No ano 1506 era xuiz e veciño de Ourense e vémolo aforando a Rodrigo García de Espinosa, escudeiro de Ourense, un lugar na fregresía de S. Salvador de Calvelle<sup>23</sup>.

Dous anos máis tarde, en 1508, actúa como xuiz árbitro nun preito que sostiñan Rodrigo Díaz de Cadórniga, fillo e herdeiro do rexedor e veciño de Ourense, Alonso Díaz de Cadórniga, coa irmá diste, Inés Díaz, muller de Vasco Fernández, sobre a herdanza do seu pai. Pero Alvarez, que se dí escudeiro e xuiz de Ourense, representa os intereses do Rodrigo e, por

19. DURO PEÑA, Emilio. *Catálogo de documentos privados del Archivo de la Catedral de Orense*. Ourense. 1973, nº 1201.

20. Ibidem, n. 1.358.

21. Ibidem, nº 1.359.

22. DURO. O.c. , nº 1.571.

23. AHPOur. Prot. Juan González Cervela. 1506, f. 120.

parte do matrimonio actua Rodrigo de Puga, tamén escudeiro e veciño da cidade<sup>24</sup>.

En 1524, a súa filla, Isabel Alvarez de Belmonte e o seu marido, Pedro Díaz de Cadorniga, veciños da cidade, compran á Jácome López, tamén veciño de Ourense, a metade e o tercio da outra metade dunhas casas de morada “con sua horta y naranjos”, na rúa do Pelouriño, por 22.000 mrs<sup>25</sup>.

Casou con Beatriz Enríquez, da que houbo ó primoxénito, Fernando, e catro fillos máis<sup>26</sup>, Tristán Enríquez, Iseo Alvarez de Belmonte, que casou con Pedro Díaz de Cadorniga, Inés Pérez de Belmonte, morta en 1528, e Susana Alvarez de Belmonte, que casou con Luis de Villamarín, irmán do señor de Villamarín, e, en segundas nupcias, con Fernán López de Gayoso.

### 1.3. *O rexedor Fernando Alvarez de Belmonte*

En febreiro do ano 1528, xa finara Pedro Alvarez de Belmonte, pois a viuva, Beatriz Enríquez, e o seu fillo, Fernando Alvarez venden a D. Ochoa de Espinosa, abade da Trinidade, un solar de casa coas súas paredes e hortas na rúa do Pelouriño, cuio terreo e horta do solar lindaban coas paredes das casas do abade e, encima, topaban coa herdade e praza da Trinidade, en 12.000 mrs.<sup>27</sup>, posiblemente coa intención de agrandar o pazo da abadía<sup>28</sup>.

En xullo do mesmo ano, os seus irmáns, Tristán e Iseo, cédenlle ó primoxénico Fernando a súa parte na heranza do seu pai, agás a Pousa de Belmonte, que era foreira do Cabido, e a parte que lles correspondía pola súa irmá, Inés, en calidade de morgado, coa obriga de mandar dicir a festa de S. Loutel, na súa capela da Igrexa Maior, pola ánima de D. Fernando, Deán de Santiago, que deixara avinculados ditos bens coa dita festa da maneira que seu pai e os seus antergos a celebraban. Os bens consistían, ademáis da Pousa sobredita, do couto de Solveira e Belmonte, co couto de Pazos de S.

24. AHPOur. Prot. Juan González Cervela. , f. 26.

25. Juan González Cervela. 1524, nº 14, f. 39.

26. Advírtase o carácter dos nomes dos fillos, de resonancias épicas e cabaleirescas, pero tamén clásicas, o que nos pon en contacto cun ámbito social no que as lecturas e o coñecemento do mundo clásico tiñan un eco evidente que chegaba ó entorno familiar máis directo, que tamén se observa noutrós nomes das diferentes familias que se citaran na documentación.

27. Pero Fernández, f. 76,

28. Sobre a igrexa e mailo edificio, Y. Barriocanal López, *A abadía da Trinidade*. Guías do Patrimonio Cultural, 8 (en prensa).

Clodio, Picouto e Cotorrino e o beneficio de S. Miguel de Calvelle, as casas da Fontaíña e a viña de a par da ermida do Posío na cidade<sup>29</sup>.

Condicionan o morgado a que se o Fernando morrese solteiro sen fillo lexítimo, pasasen os bens ó Tristán e, no seu defecto, á Iseo e ós seus fillos<sup>30</sup>. Non sabemos o que os dous irmáns obtiveron a cambio, se era, como eles declaran, “por la memoria de nuestro linaje de donde los dichos bienes descendieren no perezca queremos y hes nuestra boluntad que todos los dichos bienes e rentas dellos... estén todos juntos en una persona...”, ou houbo outros condicionantes e intereses.

Xa en posesión do morgado, Fernando comeza a buscarlle acomodo a súa irmá Susana Alvarez, e, en novembro do mesmo ano 1528, xunto coa súa nai, dotouna para casar con Luis de Villamarín, irmán de García Rodríguez de Villamarín, morgado da casa de Villamarín, con 15 moios de viño e pan de renda, “vestida y ataviada e con ella axuares de casa según conviene a mi honrra”<sup>31</sup>. Foron testemuñas da escritura o coengo Leónides Enríquez e Francisco Enríquez o que mostra a amizade que tiñan xa ambas familias, que enlazarán co matrimonio da filla do Fernán, Inés, cun Enríquez.

O 15 de xaneiro de 1531, o concello dalle poder ó escudeiro Fernán para que compareza ante S. M. e Consello sobre certa Cédula dada pola Emperatriz “por ynportunidad e syniestra relación a suplicación del muy Reverendo obispo de la yglesia mayor desta çibdad de Orense”, pola cal S.M. mandara ó bispo que pusese na cidade un alcalde mayor que tomase residencia ós xuices ordinarios en dano e perxucio da cidade e da R. xurisdicción de S. M. e dos privilexios de que gozaba a cidade, intentando, como intentou, querer pór e nomear por seu alcalde mayor da cidade a Goterre de Evia<sup>32</sup>. Deste xeito comeza o célebre preito da xurisdicción da cidade que durou moitos anos, acumulado a outros que sacudiron as relacións entre o bispo e o Concello o longo do século XVI e que so remataran co acordo entre El Rei e mailo bispo Fr. Juan Venido en 1623<sup>33</sup>.

Por morte de Rodrigo de Moure, foi nomeado rexedor polo Lcd. Diego Pérez, Provisor polo bispo D. Hernando de Valdés<sup>34</sup>. Introducido niste ámbi-

29. Juan Fernández. 1528, f. 231.

30. (Traslado ante Juan Fernández. 1571, f. 230).

31. (Pedro Fernández. 1528, f. 225

32. AHPOur. Acuerdos, f.78-80

33. Sobre os pleitos entre o bispo e a cidade de Ourense O. GALLEGOS DOMINGUEZ, *Ourense a través dos séculos*, cit. Tamén F. Fariña Bustos, O pleito do Curral, *BAvr.* XXIV, 1994, - .

34. (Municipal. Ourense. Acordo de 10 de setembro de 1532).

to de poder as súas relacións persoais e económicas se amplian, do mesmo que os seus recursos. Así, ademáis de contar cas rendas dos seus coutos xurisdiccionais e dos bens que tiña na cidade, dedícase a outros mesteres lucrativos como seguidamente veremos. Foi receptor de alcabalas de Ourense en 1536 e, en 1537, os mercadores Manuel Enríquez, Pero Bello, Gonzalo Pérez e Juan Fernández de Heirera teñen que pagar ó contado a Melchor de Monzón, Tesoeiro dos encabezados do bispado e do reino de Galicia do ano 1536, 16.666 mrs. que se debían das alcabalas de Ourense, porque o receptor delas, Fernán Alvarez de Belmonte, non as quixera pagar decindo que se debían pagar a D<sup>a</sup> Catalina de Vega, herdeira de Sancho López de Ron. Os cartos prestoullos o escribano Vasco Fernández a quen se obrigan a pagar llelos<sup>35</sup>. Foi tamén arrendatario das rendas dos coutos de Seixalvo, Piñor e celeiro de Allariz polo bispo D. Hernando Niño e, en 1541, obrígase a pagar 240.000 mrs. por un ano<sup>36</sup>, e noutra escritura dun mes despois é afianzado por Lopo Vázquez e o carniceiro Juan Lorenzo, veciño de Ourense.

Trafica con pan, vendendo, en 1542, 20 fanegas a Juan Rodríguez, en 140 reais, a 7 reais a fanega<sup>37</sup>. En 1544 presta pan centeo, millo e trigo, vendéndo a 7 reais a fanega<sup>38</sup>.

No ano 1543 tratou co rexedor Francisco Blanco que renunciase o oficio de rexedor no bispo para que este o dese a quen quixese o Fernando, mais antes dun mes, o Francisco revocou o poder<sup>39</sup>.

Mercadeaba e era representante de banqueiros italianos, pois en 1549, Martín da Raya, veciño de Bilbao, obrígase “a que no saldrá de la villa de Noya en sus pies ni ajenos sin primero azer cuenta con pago con el banco de Juan Delgadillo e Cristóbal de Arbieto e con Fernán d’Álvarez de Belmon-te, rexedor de Ourense, “sobre y en razón de una cédula de ochientos ducados que el dicho Fernán le pagó, por mandamiento de Juan Delgadillo y Cristóbal d’Arbieto, y lo que beniere por cuenta aberiguada del banco de los dichos Juan Delgadillo e Cristóbal d’Arbieto se entienda que aquello a de ser pago al dicho Fernán d’Álvarez por el dicho Martín da Raya”<sup>40</sup>.

35. Pero López de Ríocabo. 1537, s. f.

36. ano Pero Fernández de Lluaces. 1541, s. f.

37. Pero Fernández. 1542, s. f.

38. Pedro Fernández, s. f.

39. Gonzalo Placer. 1544, f. 3.

40. Juan Fernández, f. 1. Esta é unha das indicacións más precisas das actividades de financia-ción comercial ás que se adicaban os veciños de Ourense e razón da súa constante presencia nos portos de Galicia, na villa de Medina e na corte.

Ó seguinte ano, Payo Salgado, crego racioneiro da Igrexa de Ourense, da poder ós devanditos “canvios de la corte de su magestad y ferias de Castilla y vecinos de la villa de Valladolid” e a Baltasar Rodríguez de Araújo e Domingo Míguez, criados del Sr. Fernando Alvarez de Belmonte, vº e rexedor de Ourense, para que poidan cobrar dos herdeiros de Gaspar de Alba, racioneiro que fora de Ourense, 56 ducados que lle prestara<sup>41</sup>.

No ano 1553, fai contas co Br. Diego Quintano polos arrendos que levaba<sup>42</sup>, e, en 1556, volve a facer contas con él dos 430.203 mrs. que cobra-rra do Xubileo<sup>43</sup>. O 3 de novembro de 1553, o seu cuñado e rexedor Fernán López de Gayoso, da carta de pagamento a favor do mercador Bartolomé de León, veciño de Ourense, de 1000 ducados (700 en diñeiro e o resto en xoias) que lle prestara e que pagou polo rexedor Fernán Alvarez, a quen o Fernán López de Gayoso llos prestara e dos que era fiador o rexedor Rodrigo Vázquez Enríquez<sup>44</sup>. No mesmo día o Fernando Alvarez da carta de pagamento e finiquito ó mesmo mercador Bartolomé de León, de 3.000 ducados que lle prestara a pérdida e ganancia e dos que dera por fiadores a Lope Taboada, Febos de Nóboa e Francisco Blanco. Este diñeiro deullos o mercador ó rexedor Fernán López de Gayoso, a quen llos debía o Fernando Alvarez. Tamén se da por pagado dos intereses e ganancias e das cuantías que por el cobrou e tamén dos intereses e gananacias e de todo o que cobrou dos Bancos de Cristóbal de Arbieto (Orvieto?) e Juan Delgadillo<sup>45</sup>. Nos negocios había, indudablemente, unha interdependencia familiar que non escusaba de esixir fianzas. E eran anos nos que progresaban os negocios da familia, polo que emparentar co Rexedor era unha boa opción. Logo do casamento da súa filla, continuaron os negocios do pai, probablemente xa casado en segundas nupcias con Antonia de Noboa.

En 1554, préstalle ó prateiro Luis de Aguiar, veciño da cidade, 664 reais<sup>46</sup>. No ano 1556, o mercador Manuel López, veciño da cidade, ten que sair en axuda de Enrique de Puga e pagou ó Fernando Alvarez 20.000 mrs. en que fora condenado o rexedor Enrique de Puga polos alcaldes de Corte da Chancillería de Valladolid á petición do Fiscal no preito que o bispo D. Fran-

41. Juan González. 1550, f. 27.

42. Gonzalo Placer. 1553, f. 39.

43. Gonzalo Placer. 1556, f. 34.

44. Gonzalo Placer 1553, f. 104. Advírtase a intrincada rede derelacións comerciais, fianzas e avais que se entrecruzan entre os membros da mesma clase dirixente de Ourense, o que explica a súa intima relación e tamén as discusións e pleitos constantes entre iles, cando non os “ruidos” e disputas.

45. Gonzalo Placer. 1553, f. 102.

46. Gonzalo Placer. 1554, f. 57.

cisco Manrique e o Br. Alvaro Pérez trataban co Enrique e Mendo de Puga, seu irman, “sobre el quebrantamiento de la vara que dicen que le quebró al Br. Alvaro Pérez de la Iglesia de Orense sobre que estando preso y detenido el regidor Enrique de Puga en la villa de Valladolid, el Fernán Alvarez y Jerónimo de Laguna, Camarero del Conde de Monterrey, fueron fiadores en el dicho negocio por el regidor Enrique de Puga y ahora dice que el Jerónimo pagó como tal fiador por Enrique de Puga los 20.000 mrs. en que fué condenado el Enrique al Receptor de Penas de Cámara y dice que los pone a cuenta de Fernán Alvarez, porque por respeto del Fernán Alvarez fué fiador de Enrique de Puga. En resumo, Fernán Alvarez recibiu os 20.000 mrs<sup>47</sup>.

O 3 de decembro do mesmo ano o xuiz Suero de Nóbua executou, a instancia do rexedor Franciso Rodríguez/de la Morera/ a Gonzalo Rodríguez e a seu fiador, o mercador Francisco Enríquez, que afianzaran ó rexedor Fernando Alvarez de Belmonte por 600 ducados, e, ademáis, 60 ducados dos dereitos da execución para o xuiz<sup>48</sup>.

Os negocios coa banca seguían en 1559, pois o 9 de xaneiro Fernando da poder a Jerónimo de Laguna, camareiro do Conde de Monterrey, e a Jerónimo Velázquez, veciños de Valladolid, para preitos<sup>49</sup>, e, o mesmo día, ó primeiro da poder para cobrar da facenda de Juan Delgadillo, Cristóbal de Orbieto ou Felipe Espíndola, Jácome May e Lois de Falaguer, diputados da dita facenda, todo o que lle debían<sup>50</sup>. O mesmo tempo, na mesma data, da poder a Jerónimo de Laguna para que tome asento e concordia con Felipe Espíndola, Jácome May e Lois Falaguer, diputados da facenda de Juan Delgadillo e Cristóbal de Arbieto, “bancos” que foron da corte, en razón do que lle debían<sup>51</sup>.

No mes de xullo do mesmo ano, Fernando de la Torre, fillo do Lcdo. García Fernández de Limpias, Fiscal do Reino de Galicia e veciño de Santiago de Franca, obrígase a pagarlle 30 ducados ó Fernando, que llos prestara e fora executado por eles e agora lle da novo prazo para devolverlos<sup>52</sup>.

Todos estes negocios trouxeronlle moitos crebadeiros de cabeza, de cartos e preitos dos que nos da conta o testamento do seu fillo. Pero tamén tivo problemas coa familia, e máis houbo pola sua herdanza.

47. Gonzalo Placer. 1556, f. 315.

48. Gonzalo Placr. 1558, f. 196.

49. Gonzalo Placer. 1559, f. 32.

50. idem, f. 33.

51. f. 31.

52. Gonzalo Placer. 1559, f. 1819.

Fernán casou dúas veces. A primeira muller foi María Jiménez, da que tivo a Pedro Alvarez de Belmonte e a Inés Pérez de Belmonte. En 1558, xa estaba casado en segundas nupcias con Antonia de Nóboa, pois ambos aforan a un Juan da Insua, vº de Ourense, coa condición de que edifique unhas casas, un solar que foi casa e lagar, “sito cabe la puerta de la Fuente del Obispo, viniendo para la ciudad a la mano derecha y saliendo por la dicha puerta para afuera de la ciudad queda a la mano izquierda, que parte con casa que quedó de Juan do Bispo y llega desde la puerta de la ciudad hasta la pared de la casa que quedó del Juan do Bispo y llega a la esquina de la puerta de la ciudad e fere con el empedrado que sale fuera de la puerta de la ciudad y por detrás topa con tapias de la huerta de Martín Rodríguez y de Ares de Prado, el cual suelo había heredado la Antonia de Nóboa de sus padres, Pero Vázquez de Puga y Violante Enríquez de Nóboa, en 2 moios de viño branco<sup>53</sup>.

Esta súa segunda muller, Antonia, pertencía á casa de Puga e herdara ós seus irmáns Gonzalo de Puga e Nuño de Nóboa (presenta en 1560 o beneficio de S. Martín de Mugares, como filla de Pero Vázquez de Puga e neta de Gonzalo de Puga, señores que foran da Casa de Puga)<sup>54</sup>. En 1562, Antonia trata preito co seu irmán Enrique de Puga e co crego Juan Vázquez, sobre a presentación do beneficio de Sta. María de Feá<sup>55</sup>.

Pero, ó mesmo tempo que progresaba nos negocios e na representatividade social da cidade, xurdían moitos problemas co seu fillor maior, de nome Pero Álvarez. No ano 1544 debía ser moi novo este fillo, pois o pai ainda non casara en 1528. O fillo, por tanto, tería unos 15 anos todolo máis e ainda non sabía escribir<sup>56</sup>, o que non constitúe un atranco para comezar a procurarse a vida.

Naquel ano, Pedro, que se intitula crego, otorga un poder a Pero Fernández de Neira, arcediago de Neira e coengo de Lugo, a Diego Feijóo, coengo de Ourense, e ó Br. Francisco Lorenzo, cregos das dióceses de Lugo, Tui e Ourense, residentes en corte romana, para que se renunciaba o coengo Enrique Enríquez, de Ourense, fora o outorgante provisto do seu canonicato, reservándose o Enrique todolos froitos e rendas e voz no coro. Como non sabe firmar, faino como testemuña Luis de Villamarín, primeiro

53. Gonzalo Placer. 1558, f. 166.

54. Fernán Pérez de Lemos. 1560, f. 11.

55. Fernán Pérez de Lemos. 1562, f. 35.

56. Gonzalo Blanco. 1544, s. f., en aberto contraste coa situación que presenta a súa hirmá, dona Inés.

marido da súa tía Susana<sup>57</sup>. Dende entón segue a acumular beneficios. Unhos meses máis tarde, Bartolomé González, crego rector de Sta. María de Couxil, da poder a procuradores en Roma para resignar no Pedro dito beneficio<sup>58</sup>, e, en 1560 era xa coengo da Igrexa de Ourense e levaba o beneficio de S. Miguel de Calvelle, de patronato da súa casa de Belmonte. Tamén tivo os de Sta. María de Macendo e Sta. María de Toén.

O 6 de xaneiro de 1560, Fernán, como patrono de Calvelle, autoriza ó seu fillo para que poida renunciar dito beneficio e presenta no seu canto a Juan do Campo, crego da diócese de Ourense<sup>59</sup>. Sen embargo o 25 do mesmo mes, Fernán da seu consentemento para que o Juan do Campo, beneficiario do dito beneficio, renuncie a el, presentando para o mesmo ó seu fillo Pedro, coengo de Ourense<sup>60</sup>, un trasego non fácil de entender.

O Pedro debía ser un tanto liante, pois, en 1557, o mercador Francisco Enríquez, veciño da cidade, perdóalle a Fernán Alvarez de Belmonte, o Mozo (debía ser Pedro), a Pedro Díaz de Cadórñiga e a Gómez Pérez, rexedores, e ó zapateiro Roy Fernández e a outros criados e consortes dos sobreditos porque o feriran e quixérano matar e “lo habían esperado de propósito y lo habían injuriado mala e indebidamente y porque en lo susodicho no ubo tanta culpa como yo pensé e por escusar odios y enemistades y escándalos que se podían suceder e por la paz e quietud que a todos conbyene e principalmente por servicio de Dios nuestro señor nos hizimos amigos y estamos en paz”, como se olla un dises ruidos e sucesos que parecen ser relativamente frecuentes na cidade<sup>61</sup>.

As relacións entre o pai e o fillo aparecen deterioradas douos anos despois. O fillo acusa ó pai de collerlle como seu administrador moito diñeiro e pedíralle todolos froitos e rendas dos beneficios de Sta. María de Macendo de Montes e Sta. María de Toén, seu anexo, S. Miguel de Calvelle, do que era rector, e pensa moverlle preito. O pai alega que non recaudara ditos froitos e que nonos debía pagar, alo menos do canonicato e do beneficio de Calvelle, porque os levara o fillo e que se algo levara o pai gastáraos “en sustentar y alimentar a su hijo en Orense y en la Universidad de Salamanca y en otras partes y a sus criados que siempre tuvo a su servicio”. Como o fillo “andaba en odio y desobediencia del padre” para evitar todo elo, avéñense

57. ADO. Gonzalo Blanco. 1544, s. f.

58. ADO. Gonzalo Blanco. 1544, s. f.

59. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 2.

60. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 7.

61. Gonzalo Placer. 1557 f. 39.

en que o pai lle dé ó fillo 2.000 ducados cando este llos pedise. En troques, o fillo libera ó pai de todalas débedas ata ese intre. Entre as testemuñas e, probablemente, intermediarios estaban Jerónimo de Laguna, camareiro do Conde de Monterrey, o Secretario Gómez Pérez e Bartolomé de León<sup>62</sup>.

O 13 de febreiro de 1560 morre Fernán sen facer testamento e de inmediato se prantexan problemas entre os fillos dos dous matrimonios. A pouco de morrer o rexedor, a súa viuva, Antonia de Nóboa, preséntase con dilixencia, a media hora do pasamento (entre as 9 e as 10 da noite) ante o xuiz Mendo de Puga e exponlle que quedaban dous menores, Petronila de Nóboa e Pero Alvarez o Mozo, menores de 14 anos e que non sabían falar e esperaba preitexar cos outros fillos do primeiro matrimonio do seu marido polos seus bens dotaís e pídelle que lles dé tutor, propondo ó seu tío Juan de Nóboa de Puga, veciño de Ourense, “rico e abonado”, o cal, presente, acepta o cargo<sup>63</sup>. Este, de seguido (entre as 12 e a unha da mañá), pide, como tutor de Pedro Alvarez, fillo do difunto e de Antonia de Nóboa, a posesión do morgado que levaba o pai, posto que era o único fillo lexítimo varón segrar. Os bens pertencentes o vínclo eran as casas, adega e horta donde vivía o Rexedor /rúa da Fontaíña/, a viña xunto ó Posío e os coutos de Belmonte, Picouto, Cotorrino e Solveira. O xuiz, diligente, entrégalle ditos bens ó tutor, que, o mesmo tempo pide que mande facer reconto dos bens do difunto<sup>64</sup>.

O fillo maior, o cardeal Pero Alvarez de Belmonte, recusa ó xuiz por ser irmán da Antonia de Nóboa, pero o xuiz responde que fará xusticia. Ollase que todos consideraban que os bens da herdanxa deberían ser bastantes e se mostran ben interesados no asunto.

A viuva non perde o tempo e, o mesmo día, da poder a procuradores para pedir todos os bens dotaís, gananciais, parafernais e arras con que a dotara o seu marido<sup>65</sup>. O inventario mostra o interior dunha casa fidalga abastada, axuda a coñecer como eran as casas da cidade e tamén a decoración e subsidios existentes nela, e que polo seu interese reproducimos completa no anexo final<sup>66</sup>.

A viuva declara que no aposento do coengo había unhos paramentos de damasco verde e unha cama de campo, 3 colchóns de lana 2 sábanas, 2

62. Gonzalo Placer. 1559 f. 329.

63. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 17.

64. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 41 v. e f. 14 e 20.

65. Juan Fernández de Luaces, f. 37.

66. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 14

almohadas e un colchón, que eran do rexedor, e que en canto o pan e o viño recollido non sabía e que declaren os criados.

Ademáis recóllense como bens raíces: las casas de morada, alto y bajo con su bodega y huerta en que vivía el regidor, con un casa pequena junto a la huerta que cae sobre el arroyo que pasa junto a la Burga. Tamén unhas casas e lagar na rúa del Villar. Outras casas na rúa... na que vive o coéngº Alvaro Suárez de Villamarín; a viña do Posío, cerrada e tapiada, os coutos de Belmonte, Picouto, Cotorrino e Solveira con vasalos e rentas de pan e viño; certa renta no couto de Ceboliño.

A viúva aportara ó matrimonio 1.300 ducados en diñeiro e outros moitos bens mobles, enxovais e preseas e outros moitos bens raíces por valor de 3.000 ducados. O seu marido habíalle dado en arras a décima parte dos seus bens.

Como vemos, a casa do rexedor era farturenta e, polo tanto, cobizosa para o fillo primoxénito, o coengo cardeal, que non perde o tempo e, tres días despois do pasamento do pai, o 16 de febreiro, da poder a procuradores e a dous criados para un preito con Diego de Oca Sarmiento/seu cuñado/ e Antonia de Nóbrega, viuva do seu pai, e cos fillos desta, pois lle deran a posesión do morgado ó fillo do segundo matrimonio do seu pai e non a el, que era o primoxénito<sup>67</sup>. O preito coa viuva e seus fillos estaba xustificado, pero non sabemos as pretensiós do seu cuñado, máis alá de asegurar a dote da súa muller.

O 13 de maio da poder a procuradores para cobrar o que se lle debía da herdanxa do seu pai, o que fai sospeitar que chegara a un arranxo coa viuva e os seus fillos<sup>68</sup>, e así fora, no efecto, xa que en marzo dise ano, logo de chegar a un acordo coa súa irmá, áinda que dará lugar a moitas reclamacións como teremos ocasión de ver<sup>69</sup>, acadou tamén un concerto coa súa madastra<sup>70</sup>. Era urxente arreglar contas e débedas do pai, por elo, dous días máis tarde, Antonia de Nóbrega, o coengo Pero Alvarez e Juan de Nóbrega de Puga, como tutor de Petronila de Nóbrega e de Pero Alvarez o Mozo, fillos da Antonia, dan poder a Tristán Calbete, residente na Corte, e a Baltasar Rodríguez, veciño de Ourense, para que comparezan nos tribunais en razón do tempo que o rexedor Fernando de Belmonte tivo ó seu cargo e foi teso-

67. Juan Fernández. 1560, f. 48.

68. Fernán Pérez de Lemos. 1560, f. 44.

69. ADOur. Prot. Gómez Cid., 1560, f. 118. Para as reclamación ver más adiante.

70. ADOur. Prot. Gómez Cid, 1560, f. 71.

reiro das bulas de San Pedro de Roma e do Crucifijo de Ourense, que se predicou no Reino de Galicia, e facer contas<sup>71</sup>.

O 31 de maio o coengo Pedro afora a perpetuidade a Rodrigo Fernández, zapateiro, e a súa muller Leonor Fernández, unha horta e “enxido con sus laranjos y açiprés, sita en la rúa del Pelouriño y junto a la fuente que está a la puerta de Lope Taboada, que linda con casa de Teresa de Sampe-dro, de otra parte con huerta de Lope Taboada y en la calle que viene de la Trinidad para el Pelouriño, para que en ella haga una casa o lo que quiera, en dous moios de viño branco ó ano<sup>72</sup>.

O Pedro seguía sendo atravesado, pois o 13 de outubro do mesmo ano un Antonio de Escalante, crego rector de S. Martín de Araújo, da poder a procuradores para querelarse contra o cardeal Pedro Alvarez e os demás culpables por habelo ferido e acoitelado indo de Ourense para o seu beneficio<sup>73</sup>.

O 26 de xaneiro de 1561, como herdeiro da súa irmá, Inés Pérez de Bel-monte, muller de Diego de Oca, da poder a Juan de Leguíçamo, capelán de Sta. María de Toén, para cobrar do Conde de Nieba e de Roy Díaz de Fuen-mayor, alférez do reino de Galicia, todo o que o Conde de Nieba lle debía ó seu pai<sup>74</sup>. Tres días despois, o 29, o coengo Pero, posto que o seu pai debía ó Cabido e fábrica da Catedral 130.280 mrs. de resto de 300 e tantos mil mrs. pola bula do Crucifijo que se predica no reino de Galicia, da que fora tesoureiro, e o Cabido pedira execución ante a xusticia de Ourense e a R. Audiencia, e fíxose nos bens relictos do seu pai, opóndose a elo o Pero, agora este apartase do preito e concértanse en que pagaría no prazo dun ano e da como fiadores a Rodrigo de Puga de Sandoval, a Gonzalo Seoane Oujea de Nóbua e a Rodrigo Fernández, zapateiro<sup>75</sup>.

Os negocios do seu pai seguían ocupándoo e o 6 de xaneiro de 1561, da poder a Juan de Leguízamo, capelán de Sta. María de Toén, para cobrar, como herdeiro que era do seu pai, do Conde de Nieva e de Ruy Díaz de Fuenmayor, alférez do Reino de Galicia, o que dito Conde debía ó seu pai e a el como seu herdeiro<sup>76</sup>. Por certo que esta herdanza debeulle ser contes-

71. Juan Fernández, f. 66.

72. Juan Fernández de Luaces. 1560, f. 72.

73. Fernán Pérez de Lemos. 1560, f. 34.

74. Fernán Pérez de Lemos. 1561, f. 1.

75. Gonzalo Placer. 1561, f. 37.

76. Fernán Pérez de Lemos. 1561, f. 16.

tada pola súa irmá, Inés, pois vinte días despois, volve a dar poder ó mesmo, como herdeiro de seu pai e da súa irmá, a señora Inés Pérez de Belmonte, muller do señor Diego de Oca, en virtude dunha escritura de transacción, concerto e doación feita ó seu favor pola Inés ante o escribano Goméz Cid<sup>77</sup>.

No ano 1562 matáronlle un paxe. O Dr. Malburgo, xuíz da cidade, veuse implicado e deu poder o 8 de abril a procurador para que compareza diante do Dr. Barba, Oidor e Alcalde Maior do Reino de Galicia, e lle pida traslado de certa culpa e cargo que lle estaba posto a petición do Fiscal e do rexedor Rodrigo de Puga “en razón de ciertos pasquines que diz se an puesto e sobre la muerte de un Diego Hortiz, paje que fué de Pedro Alvarez de Belmonte” e para que poida “alegar de su ynoçencçia”.

Pero segue a disfrutar do beneficio de Sta. María de Toén e seus anexos e, o 10 de maio de 1562, dao en arrendo ó mercador Tristán de Mena por dous anos en 40.000 mrs. cada ano<sup>78</sup>. O mesmo día obrígase a pagar a Ginebra Vázquez, viuva do mercador Manuel Enríquez, e a Tristán de Mena, tamén mercador, veciños da cidade, 138 ducados e unha xarra grande de prata con dous circos dourados polo medio e un copete de un marco e un real e unha taza con un pico no medio, alta, que todo lle prestara Juan de Mena. O cardeal presenta como seu fiador ó rexedor Pedro Díaz de Cadórniga<sup>79</sup>.

O 12 de febreiro de 1564, Juan de Nóbrega de Puga, tutor do su medio irmán, Pero Alvarez, da poder a procurador na Real Audiencia para o preito que trataba ante o Provisor co cardeal Pero Alvarez, Diego de Oca e Inés Pérez de Belmonte sobre a oposición que se fixo a execución pedida por Diego de Oca e a súa muller, Inés, no couto de Cotorrino e outros bens vinculados, polo que vemos que prosegue a disputa da herdanza paterna<sup>80</sup>.

Por outra parte, o poderío económico e o feito de ter acadado o morgado, provocan que a súa situación coma clérigo lle provoque conflictos, e as súas relacións coa igrexa entran en crise. O 13 de febreiro de 1564, o cardeal Pero Alvarez da poder ó rexedor Pero Díaz de Cadórniga e a procuradores para que requirán ó Provisor da cidade de Lugo a quen viña dirixido, con un Breve do Papa, librado a súa instancia, “sobre que yo pueda salir de a religión eclesiástica y ser seglar”. Entre os testigos do poder atopábanse

77. Fernán Pérez de Lemos. 1561, f. 1.

78. Juan Fernández. 1562, f. 58.

79. Juan Fernández. 1562, f. 61.

80. Fernán Pérez de Lemos. 1564, f. 23.

Pero Hernández, criado do Bispo de Sevilla, Alvaro García, criado do cardeal, e outro<sup>81</sup>. Ainda que rompe coa Igrexa, secularizándose, non por iso deixa de percibir rendas da mesma e seguir nos negocios.

Así, en 1568, o crego de Toén e seus anexos de Couxil e Couxiliño, en atención a “las muchas y muy buenas obras” que recibira do señor Pero Alvarez de Belmonte, dalle polos días da súa vida o anexo de Couxil e Couxiliño coa obriga de pagar o capelán que o atendese<sup>82</sup>. En 1569 vende en 2.000 mrs. unhas casas en Pena Vixía, que aforara a súa aboa Beatriz Enríquez<sup>83</sup>. O 4 de xullo do mesmo ano, cobra de Mendo de Puga 26 ducados polos que pedira execución na R. Audiencia<sup>84</sup>. E no mes de outubro, da poder ós seus criados, Juan Pardo de Andrade e Fernando Valdés, e a outros procuradores para que se presentasen diante do Provisor do Bispado dous coñecementos, un de 100 ducados e outro de 40, que lle fixera o coengo Alvaro Suárez de Villamarín, e pedisen execución pola dita cuantía<sup>85</sup>.

Logo de estar na posesión do morgado e de ter renunciado ó estado clérical, acorda casar. E en agosto de 1570 aparece xa casado con Dª Catalina de Quirós, a que lle da poder para cobrar, arrendar, tomar residencia do couto de Belmonte, etc<sup>86</sup>. O 19 de novembro Dona Catalina da poder a Domingo Vázquez, criado do seu marido e estante na cidade de Betanzos, para pedir contas a Rodrigo Pérez, veciño de S. Estebo, xunto a Betanzos, dos bens da súa nai, Fª María Enríquez<sup>87</sup>.

Pola súa parte, Pero, en 15 de xullo de 1571, titúlase xa señor do couto de Belmonte e Solveira e patrono do beneficio de S. Miguel de Calvelle<sup>88</sup>, e o 21 do mesmo mes vémolo vendendo a Vasco de Puga de Sandoval, 2'5 reais de foro e censo que este lle pagaba de renda cada ano por unhas casas e adega na rúa da Fontaíña, lindante con casas do Pero, e por unha horta que o Vasco tiña xunto ós fornos da Burga, segundo parte “con el regero que se dice del Rosal, que pasa por debajo de las casas de morada de Pero e sae ás Burgas, e parte cos fornos da Burga, en 8 ducados<sup>89</sup>.

81. Fernán Pérez de Lemos. 1564, f. 25.

82. Juan Fernández de Luaces. 1568 f. 99.

83. Juan Fernández. 1569, f. 223.

84. Juan Soto. 1569, f. 143.

85. Juan Soto. 1569, f. 258.

86. Fernán Pérez de Lemos. 1570, f. 112.

87. Fernán Pérez de Lemos. 1570, f. 42.

88. Juan Fernández. 1571, f. 157.

89. Juan Fernández. 1571, f. 162.

No ano 1576, atopamolo recibindo unha casa, horta e adega na rúa da Fontaíña, e unha viña no Posío, que comprara por 1.000 ducados e que lle doa o rexedor Pedro de Cadorniga ó seu sobriño Alonso, fillo de D. Alonso Alvarez de Belmonte, en calidade de vínculo<sup>90</sup>.

En 1581, da en arrendo a Marcos Suárez, vº de Moreiras, o beneficio de Couxil e Couxiliño por dous anos, en 25 ducados cada ano. Este beneficio, como xa vimos, fóralle doado polo rector de Sta. María de Toén e seus anexos polos días da súa vida<sup>91</sup>.

Neste mesmo ano o seu medio irmán do mesmo nome, Pedro Alvarez de Belmonte, o Mozo, fillo do Fernando e da súa segunda muller, Antonia de Nóbua, sen posibilidades pola perda do morgado, decídese a pasar a América e coa autorización da nai e do seu tío, o rexedor Juan de Nóbua de Puga, debido a que estaba de camiño para as Indias da Nova España na compañía de Luis Feijoo e da súa xente, cédelle a súa irmá Petronila de Nóbua “que le había favorecido y dado dinero”, o que poidera herdar dos seus pais<sup>92</sup>.

En 24 de febreiro de 1584, Pedro dicta testamento, morrendo o 29. É aberto a instancia da súa viuva e nel dispón que o enterren na capela de S. Ildefonso de Sta. María Nai, donde estaba sepultado o seu pai e que os cumpridores manden aderezar a capela e poñer nela as armas de Belmonte e de seu linaxe. Manda que leven co seu corpo 8 cargas de ofrenda e que chamen ó Deán e Cabido da Igrexa Maior para que vaian a buscar seu corpo coa cruz grande, ós cregos do coro e a todalas confrarías da cidade, coas súas cruces e cera “delas quales yo soi cofrade”.

No documento figuran datos moi interesantes relacionados con aspectos xa sinalados con anterioridade e con outros relacionados coa herdanza do seu pai. Alude, indirectamente, a súa primeira condición de crego: “Por quanto yo comí ciertos bienes de la iglesia cierto tiempo” e por descargo da súa conciencia déixalle ó Hospital da Misericordia 20 fanegas de pan a pagar en dez anos “y que Díos le perdone sus pecados”. Ademáis declara, entre outras débedas, que debe a súa madrasta Antonia de Nóbua, unha cadea de ouro de 500 reais de peso e 14 castellanos de ouro, tamén debe a súa tía Iseo Alvarez e a súa filla Susana Alvarez 300 ducados e outros 80 máis; que o Lcdo. Francisco López, avogado, lle prestara sobre cinco panos de parede de cabalería e unha arca encoirada 30 ducados. O Br. Freire pres-

90. Juan Soto. 1581, f. 135.

91. Juan Fernández. 1581, f. 49.

92. Archivos familiares. La Villanueva. Mazo 3.

táralle 80 ou 100 ducados e por eles empeñoulle o lugar de Pazos, que renda 15 fanegas de pan, 1 porco, 1 carneiro e presentes. Como o levou 7 ou 8 anos, que fagan contas con el.

No testamento tamén deixa ó seu fillo maior D. Alonso de Belmonte os bens do vínculo fundado polo seu pai en 1555 (as casas de morada da rúa da Fontaíña coa adega e horta, a viña do Paraíso e do Posío e o couto de Belmonte, Solveira e Cotorrino e a casa da porta do Vilar, más a presentación de S. Miguel de Calvelle).

Declara que pagou moitas débedas do seu pai e outras cousas que especifica, coma os preitos co Conde de Monterrei e cos bancos.

Asemesmo que recibiu en dote da súa muller o lugar de Prucedos e o de S. Esteban, segundo constaba na escritura que ten presentada co rexedor Juan de Nóboa de Puga no preito que trata con el na Real Audiencia no nome dos fillos de Antonia de Nóboa.

Tamén dí que o lugar de Pazos non é de vínculo, porque llo comprara a Guiomar Méndez, filla de Camporramiro, e tamén o lugar do igrexario de Calvelle que son bens que lle foran aforados ó seu fillo Fernando Alvarez e que herdara ó morrer este, ó igoal que os bens e viño de renda de Ceboliño, que os ten por débeda de seu pai pola R. Audiencia.

O seu pai quedoulle a deber 2.000 ducados dos froitos e rendas que lle comera e, ademáis, que pagara máis de 2.500 ducados e 100 doblóns de débedas e execucións del e os preitos co Conde de Monterrei e cos bancos e honras e lutos e a dote que pagou a Inés Pérez, “mi hermana”. Que se os fillos do segundo matrimonio do seu pai pedisen algunha cousa, que lle pidan todalas débedas e a dote da nai do Pedro e os bens gananciais e a lexítima que “en mi traspasó la dicha Eynés Pérez, mi hermana por causa de los 3.000 ducados que le pagué de la dote”.

Asemesmo que el e D<sup>a</sup> Catalina tiñan feitos moitos perfectos e melloramentos en Belmonte, nas casas, viñas, prados, hortas, soutos e outros bens e que gastaran máis de 800 ducados.

Manda que lle paguen a súa muller dos seus bens 300 ducados en que vendeu propiedades dela e 100 ducados para vestidos e 600 ducados en diñeiro que deu o bispo de Astorga.

Encárgalle ó seu fillo que lle dé a suas irmás, a D<sup>a</sup> María, ademáis da lexítima 500 ducados de dote, e a D<sup>a</sup> Ana, 300.

Nomea herdeiros os seus fillos D. Alonso Alvarez de Belmonte, D. Luis de Andrade, D. Pedro Bermúdez, D. Alvaro de Sotomayor, D<sup>a</sup> María

de Quirós e D<sup>a</sup> Ana de Sotomayor, e tutriz de todos eles a D<sup>a</sup> Catalina, e no seu defecto, ós seus tíos, Fernando Alvarez de Villamarín e ó rexedor Pedro Díaz de Cadórniga.

Deixa a súa muller usufructuaria de todolos bens vinculares e libres e que os teña como cousa súa e que faga deles a súa vontade porque lle é moi a cargo “por muchas e buenas obras que me a echo así en mis enfermedades como en otras cosas”.

Nomea cumpridores a esta, ó coengo Fernando Alvarez de Villamarín, ó rexedor Cadórniga e a Luis Antonio de Nóbua<sup>93</sup>.

## 2. Os ENRÍQUEZ

É este un apelido de rancio abolengo e de orixe real. Unha das súas ramas emparentou con Inés, que casou en primeiras nupcias co rexedor de Ourense Rodrigo Vázquez Enríquez, do que sabemos moi pouco.

Era sobriño do coengo da Igrexa de Ourense, Leónides Enríquez, ó que vemos ocupando un alto cargo no bispado en 1511, pois como Vicario da Igrexa de Ourense polo bispo Jacobo Palabecino, presentaba a igrexa de Santiago de Partovia, co seu anexo S. Cibrao de Señorín, no arcedianago de Castela<sup>94</sup>. Parece que era parcial de D. Suero de Oca, Deán de Ourense, como mostra a apelación, feita o 2 de febreiro de 1511 por este contra o Provisor Dr. Botello<sup>95</sup>.

Como a maioría do alto clero de Ourense, antes de Trento, o coengo disfrutaba de outros beneficios. En 1514, era Racioneiro da Igrexa Colexial de Sta. Mariña de Augas Santas<sup>96</sup> e, tamén, rector de S. Juan de Piñeira de Arcos. En 1 de xaneiro de 1515, os rexedores de Ourense protestan ante o Leónides, Vicario Xeral no lugar de D. Alonso de Piña, de que un rexedor, contra o acordo de todos, nomeara a Juan Fernández de Luaces, “que no es casado y hace vida con Berenguela de Nóbua parienta de su primera mujer y porque es criado y paniaguado del Conde de Lemos”<sup>97</sup>. Descoñecemos como se resolveu o asunto.

Figura como testemuña nunha avenencia entre os irmáns Vilamarín que disputaban a herdanza do seu pai, Luis Vilamarín o Vello, en 1516, titu-

93. Juan Fernández. 1584, f. 26.

94. Vasco Fernández. 1511, f. 16.

95. Marcelo Macías. “Fray Suero de Oca, abad del monasterio de Oseira”. BCMO. VII, p. 229.

96. Juan González Cervela. 1514, f. 558

97. Acordos.

lándezose coengo e provisor<sup>98</sup>. En 1541, era crego do beneficio de Sta. Mariña de Retorta, que da en arrendo por tres anos, con carga de serventía, ó crego Gonzalo Rodríguez, vº de Nocedo, en 18.000 mrs<sup>99</sup>. Neste ano debía ser home de idade, segundo se desprende da súa firma pouco segura.

Non refugaba outra clase de negocios, en especial os lucrativos arrendos de beneficios eclesiásticos. No ano 1523 toma en arrendo de Alonso Martínez, beneficiado de Salamanca, procurador do Cardeal de San Apolinar, a capelania perpetua de S. Vréximo de Seixalvo por tres anos por 35 ducados cada ano, pagadeiros en Valladolid<sup>100</sup>.

No ano 1524, o seu primo D. Nuño de Nóboa, Protonotario apostólico, prelado da Igrexa de Sta. Mariña de Augas Santas e coengo de Ourense, noméao herdeiro<sup>101</sup>. D. Nuño era fillo do señor de Manzaneda, Juan Pérez de Nóboa e de súa muller, Mencía López Mosquera, enterrados ambos na capela maior da Igrexa do convento de S. Francisco<sup>102</sup>. Non sabemos porque Leónides non acepta a herdanza ata cinco días despois de aberto o testamento. Quizá, debeuno estudiar ben por si non lle pagaba a pena aceptala ou implicaba a inimizade do señor de Manzaneda.

Os préstamos, usurarios ou non, non lle eran estráños. En 1527, dalle ó mercador Pero de Acebedo, vº da cidade, 200 ducados “para los traer en trato a perda e ganancia” durante un ano a cambio da metade da ganancia. Son fiadores do mercador o seu pai, Antonio de Acebedo, e Gonzalo Pérez, fillo de Alonso, portugués<sup>103</sup>. O seguinte ano, o tendeiro Tomás de Medina, vº de Ourense, dalle carta de pagamento ó Leónides por 100 ducados que lle prestara por un ano, tamén coa metade da ganancia<sup>104</sup>.

Debeu acadar un bo patrimonio, pois estaba en posesión de tres xuros sobre as alcabalas de Ourense de 58.000 mrs. anuais, que ainda se pagaban en 1594 a Pero, fillo de Rodrigo Vázquez e Inés, casado con Leonor de Cadórñiga<sup>105</sup>.

98. Juan González Cervela. 1516, f. 70.

99. Pedro Fernández de Luaces. 1541, s. f.

100. Pedro Fernández. 1523, f. 77.

101. Pedro Fernández. 1524. Papeis soltos

102. Sobre a igrexa e os sepulcros: Dolores FRAGA SAMPEDRO, *A igrexa de San Francisco de Ourense*. Guías do patrimonio Cultural, 6. Ourense, 2000.

103. Pedro Fernández. 1527, f. 138.

104. Pedro Fernández. 1528, f. 219.

105. Pedro de Lemos. 1602, f. 246. Contas tomadas ó tesoureiro de alcabalas de Ourense.

O coengo nomeou herdeiro ó seu sobriño Rodrigo Vázquez Enríquez e debeu morrer polo 1544. Fundou polo seu testamento 200 misas cargadas sobre o vínculo que disfrutaba, en 1602, Pedro Enríquez “que estaba loco hacía muchos días y estaba sin curador”, segundo a reclamación do racioeiro Francisco Enríquez, que pide se lle paguen as misas<sup>106</sup>.

### *2.1. Roy Vázquez Enríquez*

Sobriño e herdeiro do coengo Leónides Enriquez, pouco sabemos del, ainda que foi nomeado rexedor do concello polo Lcdo. Elgueta, coengo provisor polo Bispo D. Francisco Manrique de Lara, o 3 de febreiro de 1545, substituíndo ó finado Carlos de Malburgo. Entre os testigos do título figura o que sería seu sogro, Fernán Alvarez<sup>107</sup>.

En 23 de abril de 1546, vénelle en 40 ducados a Pedro do Barrio, a súa muller e a seu irmán unha casa con catro tinallas de vinte moios cada unha en Seixalvo, que herdara do seu tío Leónides Enríquez<sup>108</sup>.

Axiña, cos bens procurados pola herdanza, vémolo practicando negocios e desempeñando as funcións municipais. En 1548, vémolo desempeñando funcións municipais, pois xunto cos rexedores Alonso de Moure e Nuño Ortega, presenta os cobres ó bispo con catro nomes para que escollese un para xuiz da cidade, pois o xuiz Vasco de Puga, señor de Soutomaior, morrera e o outro xuiz, Francisco Blanco, estaba malo e non se podía reunir con eles<sup>109</sup>.

O 3 de novembro do ano 1553, xa pagara Fernán Alvarez de Belmonte unha débeda de 1.000 ducados que lle prestara o rexedor Fernán López de Gayoso, segundo marido de Susana Alvarez, irmá do Fernán, ou sexa, seu cuñado, e da que fora fiador o Rodrigo, que xa era seu xenro<sup>110</sup>, polo que debería casar hai pouco coa filla Inés. Pertencía ó círculo de amizades e de negocios do que sería seu sogro.

Descoñecemos cando casou coa Inés, só que cando o mataron deixaba un fillo natural, chamado Alvaro Vázquez Enríquez, e a súa muller esperaba un fillo póstumo, Pero Vázquez Enríquez. Morreu antes do 13 de novembro de 1553, en que lle foi dado título do rexemento que tiña ó seu sogro,

106. Pedro de Lemos. 1602, f. 246.

107. Pedro de Lemos. 1595, f. 440.

108. Jácome Gómez. 1546 (2), f. 3 e 12 .

109. Municipal. Ourense. Acordo do 19-XI-1548. Libro 173, f. 42 vº.

110. Gonzalo Placer. 1553, f. 104.

Fernán Alvarez de Belmonte, polo Provisor do Bispo Don Francisco Manrique, Lcdo. Illanes<sup>111</sup>.

## 2.2. *Pero Vázquez Enríquez*

O fillo póstumo de Roi Vázquez Enríquez e Inés Pérez Belmonte viviu nunhas circunstancias pouco doadas na súa infancia e nenez. Primeiro aparece do lado da súa nai, pero pronto parece que a familia paterna recaba dereitos tutorais, cicas na procura da administración dos bens que poseía, namentres a nai, casada xa con Diego de Oca, se interesa por defender os seus dereitos e mesmo implica ó seu novo home niles, como veremos máis adiante, pero pronto parece manterse alonxada. Así a minoría de Pero Vázquez foi moi movida e conflictiva, con cambios de tutores que parece non administraban doadamente o caudal herdado, o que pode axudarnos a explicar algúns dos seus comportamentos posteriores.

Andivo primeiro nas mans da nai, do seu tío paterno, do seu avó materno e, en 1562, por imposición da Real Audiencia, foi nomeado tutor Juan López Mosquera, veciño da Fregresía de S. Fiz de Cangas, en terra de Lemos, que presenta como fiadores seus na mentada tutela a Diego Sánchez da Somoza, Juan de Losada, Juan López de Cangas, Juan López Buján, Juan Bolente, Roy López de Cangas e seu irmán, Pero López, Bastián Fernández, veciño de Terra de Lemos, e Alonso de Moure e Pero de Aguiar, veciño de terra de Chantada<sup>112</sup>. O elevado número de fiadores parecen indicar a importancia do patrimonio do menor.

O 22 de decembro de 1562, Juan López Mosquera, como tutor do menor da en arrendo ó mercador Antonio de Paz unhas casas sitas na Praza do Campo de Ourense, alto e baixo, que partían coas casas da viuva de Manuel Enríquez e coas casas do escribano Sandianes, por un ano, en 15 ducados<sup>113</sup>. Un ano despois (o 11 de xuño de 1563), o mesmo tutor arrenda por tres anos en 20 ducados cada ano a casa, que demarcaba con casas do mercador Pedro de Acebedo e con casas de Benito González, notario do número, segundo ó presente a levaba en arrendamento o mercador Bartolomé de León e Juan de Outeiro, veciños de Ourense, ó señor Juan de Nóbua y Lemos, señor da casa de Manzaneda “aunque quede y reserbo para el dicho menor y para mi en su nombre por el tiempo abaxo declara-

111. Pedro de Lemos. 1595, f. 441.

112. Jácome Gómez. 1555, f. 30.

113. Fernáan Pérez de Lemos. 1562, f. 17.

do el seruiçio y vso de todas las bentanas delanteras de la dicha cassa del segundo sobrado para que dellas nos podamos aprobechar los días de fystas que ubiese toros y otro regozijo en la plaça del Campo y no otros días ningunos”<sup>114</sup>.

O 17 de febreiro deste mesmo ano de 1563, Juan López Mosquera cobra os intereses correspondentes ó pasado ano dun xuro do menor sobre as alcabalas de Ourense por valor de 19.333 mrs. do mordomo do concello de Ourense, Nuño de Nóbua<sup>115</sup>.

En 1565, actúa o Br. Alvaro Pérez coma tutor e, en 1568, volve Juan López Mosquera, que, en 1566, arrenda ó coengo Leónides Enríquez a casa da Praza do Campo coa horta e enxido, alto e baixo, na que naquel intre moraba, por 3 anos en 20 ducados cada ano<sup>116</sup>. En 1568, o tutor convense con Leonor Enríquez, filla de Gil de Amoeiro e de Isabel Enríquez no preito que sostiñan por unhas casas e adega na rúa dos Zapateiros, que lle deixara a esta no seu testamento o seu tío Xerónimo Enríquez, veciño que fora de Ourense<sup>117</sup>, aínda que as liortas continuaran, pois dous anos despois, no ano 1570, Pero Vázquez Enríquez, que tiña máis de 14 anos e menos de 25 -debia ter os 16 anos, xa que debeu nacer no mes de abril de 1554-, co seu tutor, Juan López Mosquera, convénse con Leonor Enríquez, filla de Gil de Amoeiro e de Isabel Enríquez, vº de Ourense, no preito que sostiñan por unhas casas na rúa dos Zapateiros. Puxeran o asunto nas mans do avogado Francisco López quen adxudicou as casas á Leonor. O tutor apelara á R. Audiencia pero acordaran acatala sentencia do avogado e nomean dous carpinteiros que taxasen a casa e o que pertencera á Leonor llo pagarían, traspasando ela os dereitos ó menor. Tamén este lle pagaría a Violante Enríquez, monxa en Sta. Clara de Allariz, o que demandaba<sup>118</sup>.

Neste mesmo ano o mesmo tutor da en arrendo ó señor Juan de Nóbua y Lemos, señor da Casa de Manzaneda, a casa que o menor tiña na praza do Campo de Ourense, lindante coas casas do mercador Pedro de Acebedo, e coas casas do notario Benito González, segundo as traía o mercador

114. Fernán Pérez de Lemos. 1563, f. 45.

115. Fernán Pérez de Lemos. 1563, f. 18.

116. Fernán Pérez de Lemos 1566, f. 136.

117. Juan Fernández de Luaces. 1568, f. 111.

118. Juan Fernández. 1570, f. 25 e 100. En 1571, a Leonor Enríquez véndelle ó Arcediago de Búbal, D. Pedro Noguerol, as casas que tiña na rúa dos Zapateiros, que herdara de seu tío, Jerónimo Enríquez, vº de Ourense, e que sacou libre por xusticia a Pedro Vázquez Enríquez, fillo e herdeiro do rexedor Rodrigo Vázquez Enríquez, cuyas casas lindaban con outras do Pedro e coas casas nas que vivía o arcediago, que eran de Sancha Bella Mosquera, en 130 ducados (Juan Fernández. 1571, f. 164).

Bartolomé de León e Juan de Outeiro, veciño de Ourense, reservándose o outorgante e o menor o uso de todalas ventás dianteiras do segundo sobrado para aproveitarse delas os días de festas que houbera touros e outros regocixos na praza e non en outros días, por tres anos en 20 ducados anuais<sup>119</sup>.

Ademáis das casas o menor posuía rendas de viño, pois no ano 1568, arrenda 60 moios de viño branco que o Pero Enríquez tiña na cidade, en Zaín e en Lamela, por tres anos<sup>120</sup>. E aínda outros recursos, xa que o tutor cobra o xuro de 58.000 mrs. sobre as alcabalas de Ourense, correspondentes a tres privilexios do ano 1569<sup>121</sup>.

No ano 1571 casou con Leonor de Cadórniga, que foi dotada polo seu pai, Rodrigo Díaz de Cadórniga, señor de Sobradelo, que a houbera da súa primeira muller, Antonia de Nóbua, coa granxa dos Monas coa súa casa e lagar, que herdara o Rodrigo do rexedor Francisco Rodríguez de la Morera, e con 1.000 ducados en diñeiro, vestidos e outras rendas<sup>122</sup>. Por este casamento emparenta con outra das mais relevantes familias de Ourense, os fundadores da capela de San Benito ou da misa de Alba da Catedral, cuio altar é unha das obras renacentistas máis preclaras.

O matrimonio non debeu marchar moi ben e nun intre non coñecido non atendía debidamente as súas obrigacións, pois, en 13 de xullo de 1592, o seu fillo, D. Alonso Suárez Enríquez, veciño de Ourense, da carta de pagamento ó seu pai de 40 ducados que lle debía pagar cada ano de alimentos en virtude dunha Provisión real<sup>123</sup>. Pouco despois, o 12 de outubro do mesmo ano, Dª Leonor de Cadórniga, por sí e como nai dos fillos e fillas que houbera do seu marido, da poder a procurador de causas en Ourense para cobrar todalas débedas de maravedís, pan e viño de renda e outras couzas que lles pertencían<sup>124</sup>.

Catro anos despois, en 1596, a mesma dona Leonor, estando ausente o seu marido, da en arrendo a Catalina Pereira, viuva e veciña de Ourense, os doux sobrados dianteiros das casas do Campo, donde vivía a Leonor no primeiro sobrado e o sobrado alto que sae á hora do Concello, por tres anos,

119. Fernán Pérez de Lemos. 1563, f. 45

120. Fernán Pérez de Lemos. 1568, s. f.

121. Alvaro García. 1570.s.f.

122. Juan Fernández. 1571, f. 77.

123. Pedro Feijóo. 1592, f. 27.

124. Pedro López de Soto. 1592, f. 781.

en 8'5 ducados<sup>125</sup>. Esta casa era a que facía esquina á Praza Maior e á actual rúa de Pontevedra, pegada á porta da Horta do Concello.

Nese mesmo ano, un Francisco do Pazo, veciño da Granxa de Bil, xurisdicción da Encomenda de Quiroga, da poder a procuradores para cobrar dos bens do Pedro Vázquez Enríquez os maravedís que por unha provisión real da R. Audiencia se lle mandaran pagar, que eran 6 ducados con 6 reais e as costas<sup>126</sup>.

Dous anos despois, seguía ausente o Pedro, sen que coñezamos o seu paradero pois Gonzalo Rodríguez Sotelo, no nome de Dª Leonor de Cadórñiga y Nóbua, por canto a R. Audiencia lle mandara dar á Leonor e ás súas fillas 100 ducados anuais de alimentos, en dous prazos de 50 ducados, píde-lle ó tenente de Correxedor que ordee que o Tesoureiro das rendas reais en Ourense, Antonio Vázquez, lle acuda cos 50 ducados, á conta do xuro que pagaba ó seu marido. Quince días despois, cumpriese o mandato e a Leonor dalle carta de pagamento<sup>127</sup>.

Con estas rematan, polo de agora, as novas que temos do fillo do primeiro matrimonio de dona Inés, o que tivo con Roi Vázquez Enríquez.

### 3. OS OCA, SEÑORES DE CELME

Como xa dixemos, dona Inés, logo de pleitos e perdóns acaba por contraer matrimonio cun Oca, don Diego, aquel que participara no ruido do que resultou morto o seu primeiro marido. Pertencía don Diego a unha das familias máis adiñeiradas da cidade, aínda que non pasaran moitos anos dende o seu establecemento nela.

3.1. Os Oca chegaron a Ourense ó fin do século XV con D. Suero de Oca, fillo de Alvaro de Oca e de Constanza de Ribadeneira, señores de Oca, a sombra de seu parente o arzobispo de Santiago, D. Rodrigo de Luna para labrarse un señorío, se creemos a Gándara<sup>128</sup>.

D. Suero casou con María Gómez de Sotomayor, irmá do Mariscal de Galicia, Sancho Gómez de Sotomaior, e prima do Conde de Camiña, Pedro Alvarez de Sotomaior. Inmerso na guerra de sucesión dos RRCC, pola súa actitude ambigua e o parentesco foi despoxado da casa forte e das súas

125. Pedro de Lemos. 1596, f. 22.

126. Pedro de Lemos. 1596, f. 302.

127. Pedro de Lemos. 1598, f. 617 e 618.

128. García Oro, José. “D. Suero de Oca”, en CEG, nº 69. 1968, p. 45.

terrás en 1477 polo Arzobispo de Santiago, Alonso II de Fonseca, e o primeiro conde de Monterrei, D. Sancho Sánchez de Ulloa, xa que o crían complicado nas fechorías e desmáns do terrible conde de Camiña. A muller de D. Suero, D<sup>a</sup> María, feita prisioneira no asalto de Oca foi levada a Santiago, en cuia cárcel episcopal dicen que morreu de pena ós tres días do encerro.

D. Suero refuxiouuse en Ourense, donde tiña algúns vínculos, xa que en Celanova estaba de abade do mosteiro Don Alvaro de Oca. Alí casou con Eugenia de Deza, enlazando coa nobreza local e participando activamente na vida cidadá. Mais enviuva pronto e decide facerse monxe cisterciense en Oseira, donde inicia unha carreira ascendente co gallo de labrar un señorío para a súa familia, da que coñecemos dous fillos, Don Alvaro, que sucedeu na casa, e Dona Elvira.

En 1485 era xa abade de Oseira; en 1495, bispo de Tarso; en 1506, abade de Ribas de Sil, que perdeu en 1509 trala concordia alcanzada coa Congregación de Valladolid, ainda que con boas compensaacións económicas. En 1510, acada o cargo de Deán de Ourense, dotado dunha sólida base económica<sup>129</sup>. Afianzado en cargos tan importantes, atrévese a rexeitar todos os agravios recibidos, e o 19 de maio de 1511, intitulándose bispo de Tarso e Deán de Ourense, estando nos seus palacios, da poder ós honrados Cristóbal Cacho, criado do Vicecanciller de Aragón, e a Francisco do Campo, escudeiro do Conde D. Fernando de Andrade, para que se presenten ante a raíña D<sup>a</sup> Juana e o Consello e denuncien todalas inxusticias, forzas e agravios feitos a el e ós seus vasalos<sup>130</sup>. Os seus palacios eran os do cargo de Deán, en Cimadevila, a pesar de que tiña casas na cidade, unha delas na Rúa Nova, a beira do hospital alí existente, citada nun documento de 1506, e outras que foi adquirindo. Así, unhos meses máis tarde, o 13 de agosto de 1511, mércalle ó Lcdo. Sebastián de Deza “unhas casas e adega na rúa dos Zapateiros, que saíán con portas na dita rúa “frontero de las escaleras de la dicha iglesia mayor” e por detrás saía con porta na rúa dos Arcediatos, por 40.000 mrs. As casas fóranlle doadas ó Sebastián polos coengos Rodrigo de Ribera e Gonzalo das Seixas, ambos difuntos e herdeiros do venerable D. Juan de Deza, Arcediago de Búbal<sup>131</sup>.

Debeu finar arredor de 1513, despois de achegar unha importante fortuna.

129. García Oro, José. “D. Suero de Oca”. CEG, nº 69. 1968, p. 45).

130. ADO. Vasco Fernández. 1511, f. 9.

131. Vasco Fernández. 1511, f. 20.

### 3.2. *D. Alvaro de Oca e D<sup>a</sup> María Sarmiento, señores de Celme*

A integración social da familia na cidade foi rápida e o seu fillo Alvaro de Oca forma parte desa nobreza local que participaba nos cargos do Concello e dos negocios inherentes. Aparece xa en 1511 como rexedor de Ourense e xunto co juiz Fernán Pérez de Andrade e os rexedores Vasco Blanco, Juan Vázquez, Gonzalo de Soto e Pero Rodríguez requiren ó xuíz e ó seu compañoiro, ausente, para que non lle tomen as espadas e armas a ningún que as trouxese de día, pois deran orden, sen contar cos rexedores, de quitar as armas ós que viñan á cidade a traer bastementos nos días de feira, de mercado e outros días, de xeito que a cidade recibía moito dano e os labregos non viñan a cavar as viñas, e ós recueros que viñan buscar viño<sup>132</sup>.

En 1512 xa estaba casado con D<sup>a</sup> María Sarmiento de Ribadeneira e Zúñiga, señora de Celme, que era filla de D<sup>a</sup> María Sarmiento de Zúñiga e de Rodrigo Vázquez de Ribadeneira, señor de Torés, e neta do Conde de Santa Marta e de Mencía Teresa de Zúñiga. A torre de Celme fóralle doada en 1427 por D<sup>a</sup> María de Limia, viuva de Alonso Suárez de Deza, a D. Diego Sarmiento, Adiantado Maior de Galicia e Conde de Santa Marta dende 1442 (1427-1466)<sup>133</sup>.

Neses anos da segunda década do século XVI e nos que seguiron, hai numerosos documentos de compravendas e sucesivos foros ou arrendos de bens rústicos e urbanos nos arredores de Ourense e noutras partes, que acreditan os beneficios dos compradores e os apuros dos vendedores, primeiro, e logo, foratarios. O couto de Celme e as súas rendas territoriais e xurisdiccionais contribuíron a aumentar considerablemente o seu patrimonio, que lles permitiu levantar o palacio da rúa Nova e, máis tarde, fundar un morgado o 24 de xaneiro de 1528<sup>134</sup>.

E, iso a pesares de que o señorío de Celme foi sempre mal visto polos vasalos, a causa da presión fiscal dos señores. Así, D<sup>a</sup> María Sarmiento, o 27 de abril de 1512, co seu irmán Pero Sarmiento, da poder a procuradores para o preito que sostiña cos vasalos de Celme sobre monte, montazgo, dereitos e servicios<sup>135</sup>; e o 27 de agosto do mesmo ano a mesma da poder ó seu marido para preitear<sup>136</sup>.

132. Acordo de 3 de abril de 1511.

133. García Oro, Jose. La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Liceo Franciscano. Revista de Estudios e investigación. 1980-1, nº 97-102.

134. Francisco Fernández. 1529. No se conserva el protocolo. Casa del Castro, mazo 2-A, nº 2.

135. Juan González Cervela. 1512, f. 40 v.

136. Juan González Cervela. 1512, f. 98.

Pouco despois, en 1515, D<sup>a</sup> María co seu irmán fan partilla dos bens raíces e rendas dos seus pais e D<sup>a</sup> María quedarálle debendo ó segundo 50.000 mrs. e deixao libre de toda a prata e prendas que este tiña depositada nas mans de Alonso Gago, Comendador de Pazos de Arenteiro, e de Francisco Alonso, rexedor de Ourense, que ela lle embargara. Obrígase D<sup>a</sup> María e seu marido o 6 de setembro a darlle 40.000 mrs. pola cadea que tiña en depósito de Pero Vázquez, vº de Ribadavia, e de Antonio Ordoñez<sup>137</sup>.

En ese mesmo ano, D. Alvaro da poder para cobrar rendas, como herdeiro do seu pai<sup>138</sup>.

En 1519, D<sup>a</sup> María presenta a parroquial de S. Andrés de Congostro e seu anexo de Sta. Mariña, que é do seu patronato<sup>139</sup>.

A súa activide en compras e consiguientes foros de bens en S. Andrés de Marrubío (Montederramo), Casteloais, S. Paio de Carballal, Bentraces e couto de Sobrado, etc. volve a ser moi grande nos anos 1520 a 1524, datas unidas a construcción do pazo da Rúa Nova, edificio noble e singular empresa da Casa, que xa temos estudiado noutra ocasión<sup>140</sup>, e que está íntimamente ligada a necesidade de procurar vivenda axeitada ó seu estatus social. A morte do pai de don Alvaro quedaron a habitar nos pazos do Deán e, en 1522, foron obrigados a deixalos, despois de acodir o Deán Vallo a Roma, ainda que lle deu un prazo de dous anos para que o desaloxaran, mentres se facían a súa nova morada<sup>141</sup>.

Pero ademáis de casa para os vivos, o matrimonio interesouse por unha para os mortos e procurou na catedral un enterramento na capela de S. Facundo e Primitivo, no ábside do Evanxelio, quizás motivados polo traslado das reliquias destes santos á Catedral o 24 de marzo de 1507 e a fundación que fixera o Arcediago de Búbal, D. Juan de Deza, morto en 1506, e que alí ten o seu sepulcro. Aqui dispuxo D. Alvaro o seu enterramento e para alí poideran ser as tres imaxes que o seu fillo D. Diego tiña encargadas ó escultor Gaspar Salgado. A familia mantivo a protección da capela, pois

137. Juan González Cervela. 1515, f. 5.

138. Juan González Cervela. 1516, f. 148.

139. DO. 1519, f. 59.

140. Olga GALLEGOS DOMÍNGUEZ e Francisco FARIÑA BUSTO, *El Pazo de los Oca. D. Alvaro de Oca y D<sup>a</sup> María Sarmiento, señores de Celme, sus fundadores, en El Liceo de Ourense. 1850-2000*. Ourense, 2000, 77-86, onde se fai o seguemento da súa construción. Máis datos de posteriores actuacións en M.A. GONZALEZ GARCÍA, *Arte y artistas en la vida del Liceo Recreo Orensano*, Ibidem, 93-112.

141. Juan González Cervela. 1522, f. 110 e 118.

en 1590, D. Alvaro de Oca Sarmiento y Zúñiga, como patrono desta capela, que instituiran seus avós, D. Alvaro e D<sup>a</sup> María Sarmiento, dan poder ó seu criado Gaspar Pérez, para presentar unha carta executiva a favor da capela<sup>142</sup>. A capela desapareceu no século XVI, ó facer o deambulatorio, se ben conserváronse os sepulcros do arcediago e os dos santos Facundo e Primitivo, todos coas armas dos Deza.

A súa situación desafogada maniféstase, asemade, en 1522, ó prestar D. Alvaro a D<sup>a</sup> Beatriz de Castro, Condesa de Lemos, 6 escudillas de prata e 10 pratos de prata labrada e marcada cada peza con un león, que pesaban 27 marcos, 1 onza e 3 reais, sendo fiadores Francisco de Alveiros e a súa nai, Catalina Pérez, veciños de Ourense, debendo devolverlas dentro dun ano<sup>143</sup>.

Os anos ían pasando, o patrimonio era considerable e o afán de perpetuidade chama a súa porta, polo que xestionan e obteñen en 24 de xaneiro do 1528 facultade real para fundar morgado<sup>144</sup>. E no ano seguinte o sete de setembro de 1529, por ante o escribán Francisco Fernández, en Ourense, o matrimonio funda morgado a favor do seu fillo D. Suero de Oca, e, no seu defecto, dos outros fillos, polo seguinte orde: Pedro, Alvaro de Oca Sarmiento, Diego de Oca Sarmiento, que entón se chamaba Diego Sánchez, e seus descendentes, e súas fillas, Isabel e Violante de Oca Sarmiento.

Os bens, por parte de D. Alvaro, eran os coutos de S. Paio de Muradelle e Sta. Cruz de Viana, todolos bens que tiña no alfoz de Chantada e Valdenavego, 50.000 mrs. du xuro sobre as alcabalas de Ceboliño, Peroxa, Sobrado, Seixalvo, Barbadás, S. Cibrán e Valenzá; as casas e horta que fixo e nas que vive, na rúa Nova, a viña do Barrial; 24 moios de viño blanco de renda en Bentres e Barbadas; todo o viño de renda que tiña na Granxa de S. Lorenzo e súa comarca; e todo o viño de Cudeiro e na aldea de Rairo. Por parte de D. María, todo o couto e morgado de Celme co seu castelo, aldea, vasalos e xurisdicción, e o couto de Laza. Os levadores do morgado levarían os apelidos de Oca Sarmiento e as súas armas. O matrimonio resérvase ditos bens durante súa vida.

O mesmo tempo fundan morgado a favor do seu fillo Rui González de Ribadeneira sobre os bens de S. Paio de Caraballal, Casteloais, as casas da

142. Pedro de Peaguda. 1590, f. 38.

143. Juan González Cervela. 1522, f 233.

144. Francisco Fernández. 1529. Casa do Castro. Caja 78-2.

rúa Nova que quedaran de Juan Lorenzo e 20 moios de viño en Ourense, Piñor e Sta. Ouxea<sup>145</sup>.

Os fillos do matrimonio, dacordo ca orde establecida na fundación do morgado, era Suero, Pedro, Alvaro, Diego e as fillas, Isabel e Violante. Non sabemos ben as causas, pero o certo que o morgado veu en dar ás máns de don Diego de Oca Sarmiento, aínda que temos noticias documentais referidas a don Suero.

Un Suero de Oca, crego rector cura da igrexa parroquial de Sta. María de Ordes, neste ano de 1522 era estudiante residente no estudio universal de Salamanca, e coa licencia do Comendador de Pazos de Arenteiro e provisor de Ourense, D. Alonso Gago, da en arrendo a Gonzalo Fidalgo, veciño de terra de Celme, todos los dezmos, primicias, rendas e dereitos de dito beneficio, en 19.000 mrs e o Fidalgo faría servir pola súa conta a igrexa e pagaría as cargas da sé de Roma e do padróado<sup>146</sup>. Ó ano seguinte da poder ó seu criado, Pedro de Cimadevila, para que reciba do ferreiro, Cristóbal Gago, mestre de arneses, morador en Monforte de Lemos, un arnés que lle encargara e polo que lle pagou 36 ducados<sup>147</sup>.

En 13 de abril de 1537, Suero de Oca Sarmiento presenta o título de rexedor no concello, que, indudablemente deixaría vacante o seu pai<sup>148</sup>.

Un Suero de Oca era coengo de Ourense, en 1541<sup>149</sup>. Este Suero de Oca casou con Teresa de Sotomaior e tiveron a María de Oca que non sucedeu no morgado por estar excluídas as mulleres.

### *3.3. D. Diego de Oca Sarmiento*

Como vai dito, sucedeu, pois, no morgado D. Diego, quen, en 1544, da poder para cobrar un xuro de 50.000 mrs.<sup>150</sup>, e outro para cobrar débedas de viño de renda e foros en Bentraces, Sobrado, Barbadás, S. Cibrao e calqueira outra parte<sup>151</sup>.

Descoñecemos para donde eran as tres imaxes que encargou ó “luminador” e imaxineiro Gaspar Salgado, quen no seu testamento do ano 1546

145. AH POR. Casa del Castro. Caja 78-2. Copia simple de mediados do XVI.

146. Juan González Cervela. 1522, f. 118.

147. Juan González Cervela. 1523, f. 273.

148. Acuerdo.

149. Juan Blanco. 1541, f. 19.

150. Gonzalo Placer. 1544, f. 92.

151. Juan Blanco. 1544, f. 9.

pidelle ó seu cuñado, mestre Janín, que lle dé ó entallador Jerónimo Flamenxo, o que lle parecese para que rematase unha imaxe das tres que lle contratara o Sr. Diego de Oca<sup>152</sup>. A súa relación con escultores continuaria ata a súa morte, pois o entallador Roque Salgado, segundo o seu testamento de 1575<sup>153</sup>, debíalle 15 pezas de madeira de nogueira, que valerían 30 reás e que manda abonarlle.

Podería ter sido para algunha manda funeraria, pero non se sabe. Coñécese sí que casou en primeiras nupcias con Leonor de Zúñiga, sobriña do Conde de Monterrei, da que tivo ó morgado, Alvaro de Oca, e a Rodrigo de Zúñiga. Logo, nalgún documento cítase, como xa se dixo, como clérigo, pero o certo é que participou no ruido e morte do tamén rexedor Roi Vázquez Enríquez, en 1553, e que sostivo preito coa súa viuva, pero logo dun tempo, en 1557, contrae novas nupcias con Inés Pérez de Belmonte, que aporta ó matrimonio o fillo que lle quedara do primeiro marido, Roi Vázquez Enríquez, e que por entón debía ter unhos catro anos e do que, nun primeiro momento, aparece coma preocupada. A memoria de edade deste raparigo xa vimos que foi moi conflictiva pola sucesión de tutores que tivo. Un deles foi o avó, que parece non foi moi escrupuloso no cargo.

O 7 de marzo de 1559, ante o xuiz e xustiza da cidade, Hernán Pérez, e en presencia do escribano e do rexedor Fernán Alvarez de Belmonte, compareceu o señor Diego de Oca, no nome da súa muller, Inés, e manifesta que esta tivera a tutela do seu fillo certos anos e antes de casar con el pedira á xustiza que proveera de tutor ó menor sendo nomeado o avó, o rexedor Fernando Alvarez de Belmonte, pero despois de casada pedira ó seu pai que lle tomara contas do menor, nomeando a Inés por seu contador ó mercador Bartolomé de León, veciño de Ourense, e o Fernando actuaría por si mesmo, pero por estar ausente o mercador non se poido facer nada, polo que agora pide de novo que lle tomen conta, nomeando ó mesmo contador<sup>154</sup>.

Diego de Oca nun primeiro intre faíse cargo da defensa dos intereses do fillastro. O 1 de abril do mesmo ano, estando no pazo de Afonsas, en Celme, Inés dalle poder ó seu marido para os preitos que esperaba tratar pola heranza do pequeno, que por entón debía ter unhos seis anos. Foron testemuñas da escritura Francico Suárez de Quiroga, meiriño de Celme, e Alvaro de Oca e Rodrigo de Zúñiga, fillos de Diego<sup>155</sup>.

152. Jácome Gómez. 1546, f. 47.

153. Juan Soto, f. 35.

154. Gonzalo Placer. 1559, f. 85.

155. Pedro de Peaguda. 1559.

En 1565, o menor xa tiña outro tutor e administrador, o Br. Alvaro Pérez, quen lle deu 10 ducados a Ares López Patiño, escribano da S. M., para pagarlle a Violante Enríquez, monxa de Sta. Clara de Allariz, probablemente tía ou parenta do menor<sup>156</sup>.

No ano 1559, Diego de Oca era mordomo da confraría de Santiago de cabaleiros e nobres, e xunto co outro mordomo, Rodrigo de Puga, recibe a certos cabaleiros que ingresaban en ela. Os seus sucesores ingresarán na mesma. Así, en 1572, xunto co seu fillo, Alvaro, reúnense 37 cabaleiros na catedral para pedir reformas das Ordenanzas da Confraría no que tocaba as comidas, que eran ocasión de disputa<sup>157</sup>.

Inés, nun matrimonio que debeu ser feliz, colabora no goberno da casa dos Oca, pois gozaba da confianza do seu marido: En 1567, co poder do seu marido, nomea xuíz de unha causa no couto de Celme<sup>158</sup>. E paralelamente é nai de cinco fillos: Diego, Suero, Inés, Francisca e Rodriguito, menor aínda á morte do seu pai.

O 7 de abril de 1559, Diego da poder a procuradores para o preito que trataba co Cabido da Catedral sobre o beneficio de S. Martín de Congostro<sup>159</sup>. A igrexa segue sendo o porvir da familia e o 20 de agosto do mesmo ano, Diego, como patrono da igrexa e beneficio de Sta. María de Ordes, no couto de Celme, nomea cura da mesma ó seu fillo Rodrigo de Zúñiga e pídelle ó Sr. Gregorio de Villajuán, vicario do Deán, en cuia dignidade está dita igrexa, que examine e lle dé título e colación do beneficio<sup>160</sup>.

A súa irmá Ana de Oca casara con Juan Feijoo, veciño de Moimenta, e, como era habitual, houbo preito pola dote que lle dera. En 1561, chegan a un acordo polo que lle da 300 fanegas de pan e 18.000 mrs. en diñeiro sobre as alcabalas de Ourense<sup>161</sup>.

En 1563, Diego dalle ó prateiro Manuel de Rosende unha cadea de ouro que pesaba 32 castellanos e 15 graos para que lle fixera en puntas de ouro e por cada punta lle pagaría 3 reais de prata, a entregar por Pascua de Frores<sup>162</sup>.

156. Juan Fernández. 1565, f. 44.

157. P. LÓPEZ GÓMEZ e O. GALLEGOS DOMÍNGUEZ, La cofradía de Santiago de los Caballeros de Ourense y sus banquetes festivos, (en prensa).

158. Pedro de Peaguda. 1567, s. f.

159. Fernando Ares. 1559, f. 5.

160. Fernando Ares. 1559, f. 23.

161. Pedro de Peaguda. 1561, s. f.

162. Juan Fernández. 1563, f. 12.

As relacións cos seus vasalos mantiñanse tensas, coma na época dos pais do Oca, xa que no mesmo ano, Diego acouta en Celme un monte e prohíbe entrar nel ós vasalos<sup>163</sup>. Mais sorte tiveron os veciños do lugar de Paredes, no mesmo couto, pois, en 1571, o xuiz Gaspar de Araúxo acouta para os veciños o monte de Berjoal, para criar carballos<sup>164</sup>. Pero, pouco despois, en 1574 o concello de Celme pon preito a D. Diego por imposicións e malos tratos que lles facía e fixeran o seu pai e avó, e reclamanlle os montes e términos do couto. Foi un longo preito, pois ainda no 1865 estaban a seguiło e opoñíanse ó pago das rendas<sup>165</sup>.

En 1568, Diego da poder ó mercador Leonardo de Mena, veciño de Ourense, para cobrar un xuro de 50.000 ms. que tiña nos coutos de Ceboliño, Villarrubín, S. Cibrán, Seixalvo, Sobrado e Barbadás<sup>166</sup>.

Os fillos do segundo matrimonio debían ser unha preocupación para os pais, pois o 9 de xullo de 1573, Diego emancipa ante o correxedor Lcdo. Pedro de Vivanco, os seus fillos, Diego e Suero de Oca Sarmiento, habidos de Dª Inés, que debían ter 18 ou 19 anos aproximadamente<sup>167</sup>, posiblemente a instancias de Inés, que non lle vería futuro na casa do pai.

Por outra parte, o trato de Inés co seu irmán, Pero Alvarez de Belmonte, non debía de ser moi fluído, pese a que para recibir a dote do pai tivera que renunciar a lexítima coma xa vimos. En 1576, vese obrigada a dar poder ó seu marido para querelarse contra o rexedor Pedro Díaz de Cadorniga e de Alvaro Pérez Taboada, como fiadores do seu irmán, Pero Alvarez de Belmonte por unha débeda de 2.800 ducados<sup>168</sup>.

En decembro de 1575, actúa como intermediario e testigo da escritura de dote no casamento de Beatriz de Nóbrega, filla de Susana Alvarez, da Casa de Belmonte, e de Jerónimo de Nóbrega, señor de Armariz, con Juan de Gayoso Taboada, señor da Casa de San Miguel (Monterroso)<sup>169</sup>, dote que lle trouxo moito problemas á Susana coa sua outra filla Iseo Alvarez, filla do

163. Pedro de Peaguda. 1567.

164. Pedro de Peaguda. 1571, f. 114.

165. Pegerto SAAVEDRA. Los montes abiertos..., en CEGal. XXXIII, nº 98. 1982, p. 225., e

166. Fernando Ares de Deza. 1568, s. f.

167. Juan Soto. 1573, f. 55.

168. Pedro de Peaguda. 1576, f. 50. Sen dúbida é a continuación do inicial que tiveran os dous irmans pola herdanza do seu pai, como ficou acordado ante notario en 8 de marzo de 1560. ADO. Prot. Gomez Cid. 8 marzo 1560, f. 118, previo ó acordo do propio Pero Alvarez Belmonte coa viúva do seu pai e os seus fillos. ADO. Prot. Gómez Cid., f. 71.

169. Juan Soto. 1575, f. 354.

primero marido e casada con Antonio de Nóboa, señor de Armariz, matrimonio que co tempo foi anulado, non sen unha longa peripecia da Iseo.

En 1577, D. Diego estaba doente no seu pazo de Afonsas cando o 8 de decembro fai testamento. En el dispón que o sepulten cos seus ancestros. Recoñece que cando casou coa Inés recibira en dote 1.300 ducados, de eles 770 en diñeiro. Que fixo unha escritura de 2.000 ducados a favor de Inés e encárgalle ó seu fillo Alvaro que llos pague. Declara diversas débedas ós mercadores Bastián e Fernando Ramos, veciños de Villavella e, antes, de Ourense.

Nomea herdeira a súa muller e ós fillos de ambas mulleres, que eran da Inés, Diego e Suero de Oca, D<sup>a</sup> Inés, D<sup>a</sup> Francisca e Rodriguito, que encarga ó cuidado de Alvaro, o morgado. Lembra que se atopan 6 reposteiros na casa de Oujea, probablemente empeñados<sup>170</sup>.

Para a Inés, coa morte do seu home, virán novas preocupacións pola herdanza e polos fillos sen porvir.

### *3.4. D. Alvaro de Oca e D<sup>a</sup> Mariana de Saavedra y Lemos, da Casa de Sober*

Como Diego morre de seguido de testar, sucédelle no morgado o seu fillo Alvaro. Unha semana despois da morte do pai, o 15 de decembro, estando en Afonsas, da poder a Juan Hernández, crego abade de Sta. María de Ordes, e a outros procuradores, para concertarse no preito que sostiña na Chancillería de Valladolid sobre “la cuestión y ruido que pasó en Valladolid”<sup>171</sup>. O ruido consistiu en feridas que lle deu a Francisco Ponce e outros consortes. O perdón costoulle a Alvaro 460 ducados que debeu pagar a Pedro Ortega Cerezo de Torquemada, señor das vilas de Olmos, Cítores y Piñedielo, veciño de Burgos, como cesionario dos seus criados Francisco e Pedro Martínez de Espinosa, e a Pedro de Rubiales, vº de Burgos, como tutor de Andres e Juan Ponce, fillos de Francisco Ponce e María Díaz de Olave, difuntos e veciños de Burgos<sup>172</sup>.

A parte desta liorta, probablemente estudiantil, ten máis problemas na súa casa, pois temía que ía ter moitos atrancos coa viuva do seu pai, Inés, e con outros acreedores e por elo o 5 de xaneiro de 1578, un mes despois da morte do pai, repudia os bens libres e a lexítima que lle poideran corres-

170. Pedro de Peaguda. 1577, f. 68.

171. Pedro de Peaguda. 1577, f. 71.

172. Pedro de Peaguda. 1578, f. 27.

ponder<sup>173</sup>. Pero, pasados dous meses, o 7 de marzo, no pazo de Afonsas, chega a unha concordia coa madrasta, Inés. Ante a pretensión desta de que lle pagase a dote e unha escritura de obriga feita por D. Diego, de 2.000 ducados e 3.000 para as dotes de Dª Inés Sarmiento e Dª Francisca de Zúñiga, fillas da Inés, e a alegación de D. Alvaro de que non estaba obrigado a elo por haber renunciado ós bens libres do seu pai e poseer só o morgado, e, por outra parte, porque os bens de seu pai estaban afectos, antes, á paga da dote da nai de Alvaro, Dª Leonor de Zúñiga, primeira muller de D. Diego, acordan que Dª Inés quedaría con todos os enxovals da casa, o usufructo da renda de S. Paio de Viana, agás a xurisdiccción civil e criminal, señorío e vasallaxe, penas de cámara e presentación de beneficios, “por el bien que de ella recibió siempre”. As dotes de 3.000 ducados das súas irmáns pagaríanas no prazo de nove anos. Foron testemuñas deste acordo o Lcdo. Luzón de Castellano, Antonio de Zúñiga, vº de Ourense, Diego Sánchez de Taboada, vº de Celanova, e Fernando Alvarez, coengo da Igrexa de Ourense<sup>174</sup>.

De todos os xeitos, as cousas non se arranxaron tan doadamente, pois Inés tivo que acodir ós tribunais na procura dos seus dereitos e intereses, como logo veremos, e outro tanto ocurriu cos medio-irmáns.

Utilizando os seus dereitos, catro días despois, o 11 de marzo, Alvaro presenta para o beneficio de S. Paio de Muradelle, na diócese de Lugo, a Gaspar de Araujo, crego, fillo de Gaspar de Araújo e de Francisca Feijoo, veciños de freguesía de Ordes<sup>175</sup>.

Paralelamente, o seu medio irmán que fora emancipado polo seu pai e que tería por entón unhos 20 ou 21 anos, Diego de Oca Sarmiento, fillo de dona Inés, ordenado de prima corona, busca o seu porvir na igrexa. Estando no pazo de Afonsas o 1 de xuño, fai escritura de obriga a favor do mercador Juan Gómez, vº de Ourense, de pagarlle 180 ducados para obter unha bula sobre os froitos da igrexa de S. Juan de Laza<sup>176</sup>. Pero, como no caso do seu tio Pero Álvarez, tampouco este crego era un exemplo de virtude. Fíxolle de noite arriba na praza da Ferrería unha ferida na cabeza a Francisco Méndez de Ribera, veciño da cidade, tendo que pagarlle 20 ducados polas costas, gastos, curas e medeciñas. O diñeiro abonoullo o 22 de maio de 1580 o rexedor Pero Díaz de Cadórniga<sup>177</sup>.

173. Pedro de Peaguda. 1578, f. 2.

174. Pedro de Peguda. 1578, f. 20.

175. Pedro de Peaguda. 1578, f. 28.

176. Pedro de Peaguda. 1578, f. 42.

177. Juan Soto. 1580, f. 218 e 250.

A percepción das dotes das mulleres soía levar ós implicados a actuar ante a xustiza, e así o tivo que aturar este matrimonio, pois o 1 de xaneiro de 1586, estando en Afonsas a muller de D. Alvaro, Dona Mariana de Saavedra, filla de Antonio de Lemos y Cadórniga e de Dona Constanza de Saavedra, da poder ó seu marido para que lle pida ós irmáns dela, Antonio de Lemos y Cadórniga e Lope Sánchez de Ulloa, a herdanza dos seus pais<sup>178</sup>. En xullo, parece que lle pagaron as débedas que tiñan<sup>179</sup>.

Don Alvaro, pola súa parte, era remiso ó pago do acordado a súa madrasta, Inés, que tivo que acudir ós tribunais para que en marzo de 1590 lle dese poder para cobrar para ela e o seu fillo D. Rodrigo de Ribadeneira (O Rodriguito do testamento do seu pai) de Antonio Vázquez, Tesoreiro das alcabalas de Ourense, 50.000 mrs. de un xuro durante a vida de ambos, que por sentencia arbitraria fora condenado a pagarles<sup>180</sup>. E pola mesma data consta a recepción de 50 ducados por parte de dona Inés, como madre e administradora de Rodrigo de Rivadeneira, o seu fillo lexítimo, dos que lle fai entrega o Alvaro de Oca Sarmiento<sup>181</sup>.

Neste mesmo ano ten que fazer fronte o preito que lle puxeron os veciños de Celme, que solicitaron do Consello a autorización para repartir 200.000 mrs. para as costas e gastos do mesmo, ainda que só acadaron una provisión real concedéndolle 20.000 mrs<sup>182</sup>. Este foi un preito longo e difícil, que se arrastrou ata o século XIX. As reclamacións dos foreiros seguían, no ano 1600, no que D. Alvaro tamén tiña preito cos veciños de Touro e Camba sobre a Serra da Edreira na Chacellería de Valladolid<sup>183</sup>.

En 1602, da poder para cobrar un xuro que lle pagaban sobre as alcabalas de S. Cibrán e Seixalvo<sup>184</sup>. O seguinte ano trata de arreglarse co tutor de seu sobriño Melchor de Nóbua, fillo de Francisco de Nóbua, señor da Torre de Armariz, e de Dª Inés de Ribadeneira, sobre a herdanza de Dª Francisca de Zúñiga, irmá de Alvaro e tía do menor<sup>185</sup>. Neste mismo ano presenta o beneficio de S. Paio de Muradelle, en Lugo<sup>186</sup>.

178. Pedro de Peaguda. 1586, f. 1.

179. Fernando Ares. 1586, f. 16.

180. Pedro Feijoo. 1590, f. 315.

181. ADOur. Caixa 118. Prot. Francisco García, 1590, f. 766.

182. Pedro López de Soto. 1591, f. 796.

183. Pedro de Lemos. 1600, f. 123.

184. Pedro de Lemos. 1602, f. 1.050.

185. Pedro de Lemos. 1603, f. 375.

186. Pedro de Lemos. 1603, f. 469.

Como os seus maiores, tamén pertencía á confraría de Santiago, a que doou a imaxe de Santiago a cabalo. Esta confraría instalou o altar de Santiago na Catedral, no lugar que, en 1573, deixou vacante o antigo do Cristo, que pasou óemplazamento actual. Cara a 1595 deberon facer o altar os entalladores Roque Salgado e Alonso López, que nese ano dan poder a procurador para o preito que trataban co pintor Manuel Arnao Leitón, do que eran fiadores pola pintura e obra que había de facer na capela do Señor Santiago da Catedral<sup>187</sup>.

Falece o 14 de novembro de 1603 no pazo de Afonsas e, a petición do seu fillo D. Diego de Oca, descerráxase un caixón no que había moitas escrituras do morgado. Había 98 reais en un bolsón de coiro con un cando, 8 doblóns de a catro e un de a dous; 3.370 reais, unha cadea de ouro con un agnus Dei de 462 eslabóns. Todo se lle entrega a D. Diego<sup>188</sup>. O 12 de diciembre, D. Diego manifesta que é menor de 25 anos e non pode administrar a facenda do morgado e ten obriga de sustentar ás súas irmáns, D. Feliciana, D<sup>a</sup> Juana, D<sup>a</sup> Leonor, e D. Alvaro de Oca Sarmiento, polo que autoriza á súa nai, D<sup>a</sup> Mariana de Lemos Saavedra para que o faga e nomea tamén curadora<sup>189</sup>. O mesmo día realiza o inventario dos bens en Afonsas que mostra unha casa ben fornecida, coma propia dunha familia con recursos<sup>190</sup>.

187. Pedro López de Soto. 1595, f. 529.

188. Pedro de Peaguda. 1603, f. 71.

189. Pedro de Peaguda. 1603, f. 64.

190. 3 cabalos e 1 mula, 1 cuartazgo, unha xumenta, 8 bois, 1 vaca con 2 críos, 2 machos, 10 porcos vivos e 10 fríos, 200 rexelos de cabra, carneiros e ovellas.

Os aderezos dos cabalos: 2 sillas xinetas, unha de abrida guarnecida de terciopelo negro e outra de cabrida negra e outra de miela e 2 caparazóns, un de grana e outro de terciopelo verde.

24 pratos de prata, outros 4 grandes de prata, 6 escudillas de prata, 4 candeleiros de prata, 3 xarras de prata, 3 porcelanas, 2 barquillos, 1 vaso e unha papolina, 1 saleiro de tres pezas, 5 culleres de prata, 6 flechinas, 2 botijas, un “anacar” engastado en prata, 20 colchóns cheos de lá, 3 ducias de sábas de lenzo e estopa, 6 traveseiros cas súas almofadas labradas, 8 toallas labradas, 9 mantas frazadas, 9 mantas de sayal, 1 cama de campo verde e outra de raso morado con primavera amarela, 1 cama de rede labrada de seda e 2 camas de rede usadas, 2 “alombras” grandes, 2 almofadas de damasco, 9 tapices, 8 resposteiros bordados, 12 guadamecís, 1 anteporta, 22 sillas, en Afonsas e en Ourense e as camas e tapices en Afonsas e en Ourense, na casa; 3 arcaces de pes, 6 arcas de pao, 1 bacil en Ourense, 3 arcas en Ourense e 1 caixón, 2 caixóns, 7 bufetes en Afonsas e en Ourense, 3 rodelas na casa de Ourense e 3 adargas na casa de Ourense.

Na adega de Ourense, 5 cubas grandes e 2 que están por levantar, 60 fanegas de pan centeo, 12 de trigo e 8 de mijo; duas casas en Ourense fora do morgado, sitas na rúa Nova, a Granxa do Seijo de Ourense, de 70 cavaduras de viña; 2 colmenares en Laza, un de 110 colmeas e outro de 50; en Afonsas, 40 colmeas.

O lugar de Gudes con suas casas, palomar e herdades (Pedro de Peaguda. 1603, f. 72).

En 1613, D. Diego de Oca titúlase señor da fortaleza e terra de Celme e Val de Laza, San Paio e Viana, vº e rexedor de Ourense, presentando o beneficio de S. Pedro de Casteloais, en terra de Caldelas<sup>191</sup>. Os sucesores da rama primoxénita dos Oca estrañaranse de Ourense no exercicio da burocracia en Europa e América, enlazarán cos Condes de Moctezuma e no XIX, ó ser suprimidos os morgados, dividiranse os seus bens, sendo o Marqués de Valladares, o derradeiro poseedor da familia do pazo de Ourense.

Proseguiremos, xa que logo, coa biografía interrumpida da nosa dama, que con ocasión do seu segundo matrimonio adoptou as formas que para unha muller fidalga estaban normalizadas.

## OS DERRADEIROS ANOS DE INÉS

Logo da morte do seu home, pronto começaron as desavenencias co fillastro e herdeiro do morgado. E unha das súas primeiras preocupacións foi buscar unha morada; outra facerlle fronte ó morgado para que lle respeite o testamento do seu pai, lle pague o acordado e devolva a dote e alimentos dos fillos e abone as dotes das fillas, áinda que ela mesma se encargara de facelo.

A necesidade de contar cunha casa, levouna a facer unha compra na Porta Da Aira, que lle procurou preitos. Mercou en 1580, a Tristán de Araujo y Vasco Colmenero el Mozo, vecino del lugar de Gudes, tierra de Limia, unhas casas de Camilia de Puga que tiene en la Puerta Daira(...) de la Puerta Arcada desta ciudad, con su huerta y salido y bodega y quarta parte de otras casas que están junta e pegada con ella<sup>192</sup>, e pola que áinda preiteba once anos despois cando dota a súa filla Inés, amáis de ter que negociar con xoias para conseguir cartos con que sustentar o preito<sup>193</sup>.

---

191. Pedro Mosquera de Toubes. 1613, f. 504.

192. ADOur. Pro. Benito de Prado, , f. 240. 22 setembro 1580. Tristán de Araujo y Vasco Colmenero el Mozo, vº del lugar de Gudes, tierra de Limia, como herederos que somos de Vasco Colmenero de Gudes el Viejo y Camilia de Puga, su mujer, vecinos del lugar de Gudes.... vendemos a Inés Pérez de Belmonte, viuda que fincó.... unas casas de la dha. Camilia de Puga que tiene en la Puerta Daira (...) de la Puerta Arcada desta ciudad, con su huerta y salido y bodega y quarta parte de otras casas que están juntas y pegadas a ella... según parten con casas de Jacomé de Moure, y sala de la dha. calle de la Fuente Arcada, sin reservar para la dha. Camilia ni sus herederos ninguna cosa de las dhas. casas, enxido y bodega, las cuales dichas casas y quarta parte de casas, bodega y enxido y huerta vos vendemos con todas sus entradas y salidas, usos y costumbres y servidumbres... por el precio y valor de lo que valen y montan 33 fanegas de centeno y media fanega de trigo y medio toçino de renta cada un año.

193. ADOur. Caja 118. Prot. Francisco garcía, f. 491. Inés Pérez Belmonte dió entrega y depósito a Lope de Mena, mercader, a 10 de xullo de 1590, de 200 ducados, los 150 en razón... de un rosaario de oro de ciento y ocho piezas y un collar de oro con piedras y aljofres... por razón del pleito que

A preocupación polos fillos xa se fixera evidente cando o seu pai concedeualles a emancipación ós dous maiores, e tamén xurde agora, no primeiro momento pola tutela dos fillos<sup>194</sup>. Un, Rodrigo de Ribadeneira, seguiu a carreira eclesiastica e, en 3 de agosto de 1594, como abade de Sta. María de Ordes, daba poder o seu medio irmán, Alvaro, para pedir todos os bens e herdades de dita igrexa e facer os foros e concertos precisos<sup>195</sup>. O ano seguinte, en 1595, da poder a procuradores para o preito que trataba co Fiscal do bispado polo seu beneficio de Ordes<sup>196</sup>. En 1599, seguía de abade de Ordes e da poder O Tesoreiro de alcabalas para cobrar do abade de Sta. María de Ceredel, Bartolomé Montero, 100 ducados que lle debía, duca-dos que lle adianta o Tesoreiro<sup>197</sup>.

Pola súa parte, outro, Diego de Ribadeneira, que seguirá a carreira eclesiástica, parece que pasou a Indias, como se deduce das testemuñas que no pleito pola heranza da súa irmá, Francisca de Zuñiga, manteñen os seus irmáns contra Alvaro de Oca en 1598, no que participa tamén o marido de Inés Sarmiento de Ribadeneira, Francisco de Noboa e Piña<sup>198</sup>. Hai tamén unha mención na que se fala do seu papel como maestresala del arzobispo cardenal de Sevilla, nun documento de 1591, no que a súa nai recibe uns diñeiros<sup>199</sup>.

Pola súa parte, dona Inés se preocupa pola dote das fillas. Así cando Inés de Ribadeneira casa con Francisco de Nóbua, señor de Armariz, do que terá a

---

trata con Alvaro de Oca, vecino de Celme, y Camilia de Puga. As pezas recuperadas algún tempo despois, como se recolle nun documento de 6 de outubro dese mesmo ano. ADOUR. Caja 118. Prot. Francisco García, f. 821.

194. E para a protección dos seus dereitos económicos sobre todo. ADOUR. Prot. Fernán Pérez de Lemos. 30 de outubro de 1581. "Ares Nós, en nombre de Inés Pérez Belmonte, viuda de Diego de Oca sarmiento..., que del dho matrimonio quedaron quatro hijos que todos ellos son menores, para ciertos pleitos que pretenden tratarse así en la Real Audiencia de este Reino como en otras partes... tienen necesidad de ser proveidos de un tutor y curador y porque al tiempo que el dho su padre se murió no quedaban bienes libres ni no eran muy pocos, lo cuales no vinieron a poder de los dhos. menores, el dho. su padre no le nombró en su sepº tutor ni curador alguno y la dha. tutela y curaduría pertenece a mi parte por ser su madre y el estar en el estado de Viudez, suplico a Vmd se la mande discernir".

195. Pedro de Peaguda. 1594, f. 57.

196. Pedro de Lemos. 1595, f. 474.

197. Pedro de Lemos. 1599, f. 117.

198. ADOUR. Caixa 164. Prot. Juan preciado de Herreria, 1598, f. 937 "D. Rodrigo Sarmiento de Ribadeneira, por quanto Diego Sarmiento, mi hermano, está ausente de España y en las Yndias y por su ausencia se me debe discernir la administración de los bienes que le pertenecen"; ainda que os seu cuñado, Francisco de Noboa e Piña, e o seu irmán, Rodrigo de Ribadeneira, clérigo abad del beneficio de Santa María de Ordenes, non estan conforme coa representación que solicita Rodrigo Sarmiento de Ribadeneira (Rodriguito). Ibidem, f. 945.

199. ADOUR. Caja 119. Prot. Francisco García, f. 677.

Melchor de Nóboa quen casará con María de Moscoso, outorga un documento no que se recolle a dote<sup>200</sup>. Francisca, que morreu nova, foi herdada polo seu sobriño, Melchor, e o medio irmán, Alvaro de Oca, logo do preito que mantiveron entre si tódolos irmáns<sup>201</sup>. Rodriguito ainda vivía ca nai en 1590.

Outro fronte aberto foron os preitos que mantivo con don Alvaro de Oca, un sobre cen fanegas de pan, para o que daba poder os seus procuradores en 23 de xullo de 1580 e llo reiteraba poucos días despois<sup>202</sup>. Outro sobre os prestamos polos lutos pola morte do pai e marido<sup>203</sup>, e sobre todo, sobre os alimentos e dotes dos seus fillos menores<sup>204</sup>.

Pola súa parte, dona Inés, amáis dos preitos co seu fillastro, mantiña vivas algunas reclamacións contra do seu irmán Pedro, e ainda se arrastraban no ano 1581, así como tamén outros preitos que arrastraba por debidas e cobros pendentes do seu pai<sup>205</sup>. Tamén aparece defendendo os seus

200. “Sepan cuantos esta escritura y contrato de dote y casamiento vieren como yo Inés Pérez de Belmonte, viuda que finqué de Diego de Oca sarmiento cuyas fueron las Casas de Celme y .... digo está tratado y concertado casamiento entre dª Inés de Rivadeneira, mi hija legítima y del dho. Diego de Ocas Samiento, mi marido, y Francisco de Nóboa y Piña, cuya es la Casa y fortaleza de Armariz, para que se casen... doto a Dª Inés 3000 ducados a pagar en tres años... y ansimesmo el día que se casen les entregaré tapicería y guardamecías y camas de campo y ropa y ajuaires... y ansymesmo por quanto yo traigo pleito sobre la casa en que vivo... con Camilia de Puga... y no me salió cierta y traigo pleito con los vendedores y están condenados a que me aguen el valor... lo que sacare y se mandare pagar yo lo daré y entregaré a los dhos. Inés y Francisco para en pago de los 3000 ducados y si me hiciern segura de la dha. casa se la entregaré a mi fallecimiento” ADOur. Caja 119. Prot. Francisco García. 14 oct. 1591. f. 528.

201. ADOur. 164. Prot. Juan Preciado de Herrería, 1598. f. 910,912,913, 915, 937, 943, 945 e 991.

202. ADOur. Prof. Benito de Prado, 23 xullo e 27 de xullo 1580.

203. ADOur. Prot. Gaspar Salgado, 1579. Tamén ADOur. Prot. Pedro Feijoo, f. 55. “Inés Perez de Belmonte... por quanto Alvaro de Oca sarmiento, hijo mayorazgo que quedó de Diego de Oca sarmiento, le puso pleito diciendo que había quedado por heredera del dicho Diego de Oca y como tal había de pagar ciertos lutos que el mismo Alvaro de Oca había mandado sacar para sí e para la gente de su casa y hermanos y criados del dho. su padre... y se seguía pleito en la Real Audiencia y por quanto no obstante el dho. Alvaro de Oca le pide como heredera ella no lo es porque no lo puede ser pues lo es dho. Alvaro de Oca e como tal ha heredado su mayorazgo y a ella se le quedó debiendo mucha suma de sus bienes... y para le convencer al dho Alvaro de Oca en razón de los susodicho tiene reputada dicha herrencia por escritura pública y auténtica”.

204. ADOur. Prot. fernán Pérez de Lemos. 1581. Tamén ADOur. Caja 118. Prot. Francisco García, f. 470.

205. Eíz o caso polo que dona Inés paga 62 ducados en que fora condeada, “como una de los hijos de Fernando Alvarez Belmonte” ADOur. prot. Gaspar Salgado, 1578, a 17 de xuño. Ou outro no que outorga poder, a 29 de decembro de 1583 ó Lcd. Rodríguez González e a Pedro Gómez do castello, solicitador de la Real Chancillería de Valladolid “para cierto pleito que trata en la Real Chancillería con Cristobal de Arbieto y Delgadillo, cambeos que han sido en Valladolid y depositario de mis bienes sobre 15000 ducados y otras cosas que Fernando Alvarez de Belmonte, su padre había puesto en su poder, con los cuales sele habían alzado”. ADOur. Prot. Gaspar Salgado, 1583.

dereitos e propiedades en diversas actuacións, o que nos fai pensar que mantiña unha grande forza persoal. O 14 de agosto dese ano de 1581, de orde do correxedor, notifícaselle a Ares Noso, procurador de Inés, que Francisco de Içoria, como apoderado de Pedro Alvarez, solicitaba unha escritura de doación que fixera o rexedor Pedro Díaz de Cadórniga a prol de D. Alonso, fillo de D. Pedro, para un preito executivo que trataba con Inés. A tal escritura fora feita o 19 de maio de 1571 e por ela doaba Pedro Díaz de Cadórniga, rexedor de Ourense, unhas casas con horta, adega e cubas, alto e baixo, na rúa da Fontaíña, da cidade de Ourense, e unha viña que estaba no Posío e unha casa de lagar que lle vendera por 1.000 ducados, que se remataran en el como maior postor nunha execución feita a petición dunhos genoveses en virtude de unha cédula real, ó seu sobriño, D. Alonso Alvarez de Belmonte, fillo de Pero Alvarez de Belmonte e de D<sup>a</sup> Catalina de Quirós e neto de Fernán Alvarez de Belmonte, vº e rexedor de Ourense. Fai a doación tendo en conta que ditos bens foran do señor Fernán Alvarez e que o seu neto, D. Alonso e a súa muller eran persoas nobles e descendentes do Fernán e “para mejor sustentarse y mantenerse en su honra y estado conforme a la calidad de su persona”, en calidade de vínculo<sup>206</sup>. A escritura parece ser unha añagaza para salvar os bens do morgado ó ser executados ou para que Inés non poidera acceder a eles nas súas reclamacións.

En 1591, Inés da carta de pagamento a favor de Alvaro de Oca e de súa muller, D<sup>a</sup> Mariana de Saavedra, de 400 ducados, pago parcial dos 600 polos que fora executado na Real Audiencia<sup>207</sup>.

En 1592, da carta de pagamento ó mercador Lope de Mena, fiador que fora de Lope García de Baamonde, Chantre de Tui, e de Bartolomé García de Baamonde, de 16.678 mrs. procedentes dun censo polos que os executara ante o Correxedor<sup>208</sup>.

No ano seguinte, da poder ó seu “factor” Gregorio Paxariño para vender o lugar de Pardieiros, xunto o lugar de Abavides de Limia, e media fanega de pan de renda sobre unha propiedade no lugar de Parada de Limia<sup>209</sup>, o que parece indicar que precisaba de recursos.

O 19 de abril de 1595, Inés da poder a Pedro Fernández Soto, procurador de causas en Ourense, para que faga as dilixencias precisas na execu-

206. Juan Soto. 1581, f. 135. A escritura fora feita ante o escribano Enrique de Amoeiro e está incorporada o protocolo de Juan Soto de 1581.

207. Pedro Feijoo. 1591, f. 486.

208.

209. Pedro Feijoo. 1593, f. 609.

ción que pedira contra Alonso de Castro, fiador que fora de Lisuarte Enríquez, vº de Ourense, pola débeda dun censo corrido<sup>210</sup>, e, un mes despois, outorga outro poder a Gonzalo Rodríguez Sotelo, tamén procurador en Ourense, para pedir execución contra D. Pedro de Villamarín e outras persoas por débedas dun censo<sup>211</sup>.

No 31 de decembro de 1595, da carta de pagamento, como cessionaria de D. Diego de Oca Sarmiento, seu fillo, en donde confesa que recibira de Bartolomé Montero, abade de Sta. María de Cerededelo, 500 ducados, ademáis de outros 10 que recibira da paga de S. Juan de xullo<sup>212</sup>.

Dos anos 1595 e 1596 consérvanse varias cartas de pagamento de Inés a favor do Tesoreiro de alcabalas de Ourense, Antonio Vázquez, por os 100 ducados que lle pagaba cada ano como cessionaria de Alvaro de Oca Sarmiento. En 16 de maio de 1596 da carta de pagamento a favor o Tesoreiro de alcabalas, Antonio Vázquez, de 33 ducados e 4 reais menos 12 mrs., que era a terceira parte dos 100 ducados que lle paga cada ano como cessionaria de Alvaro de Oca<sup>213</sup>.

A partir deste intre, a vida de Inés oscurécesenos polo de hoxe e mantenos coa dúbida do destíño final daquela imaxe encargada a Juni, que figura no testamento diste, de 1577, o mesmo ano do pasamento do seu home don Diego de Oca. Só temos unha mención fermeza, as palabras do testamento do veciño de Ourense, Juan González del Valle: “*me entierren en la iglesia de Trinidad desta ciudad junto a las rejas de la puerta de la Capilla Maior de la dha. Iglesia, de la parte de fuera hacia la mano derecha, a donde solía asentar Ynés Pérez de Valmonte, difunta, y mis cumplidores den lo acostumbrado por razón de la dha. Capilla*”<sup>214</sup>.

---

210. Pedro de Lemos. 1595, f. 323

211. Pedro de Lemos. 1595, f. 331.

212. Pedro de Lemos. 1595, f. 579.

213. Pedro de Llemos. 1596, f. 78.

214. ADOur. Prot. de Juan Serrano, 1597, f. 62. Apenas se conservan protocolos de 1597, nen do escribano co que actuaba dona Inés habitualmente, nen de ningún outro. Nos do ano 1598, ano da peste, non se fai ningunha mención dela.

## ANEXO

Descripción da vivenda e bens que ficaron a morte de Fernán de Belmonte, rexedor de Ourense, en 1560:

Quedara prata, moita empeñada.

Describese a casa coas súas cámaras:

Cámara donde durmía o rexedor con unha cama de campo de pau coas súas mazás douradas con flocaduras de seda colorada e cobertor colorado, 4 colchóns cheos de lá, 2 mantas frazadas, 2 sabas delgadas, 2 almofadaas e un regalito labrado de seda negra.

5 reposteiros de Flandes coas armas do rexedor, que dicían en cada un deles “Belmonte”; 2 panos de tapicería de figuras, usados. Nunha arca encorada había certos pelexos e outras cousas de toucas de mulleres de pouca calidade; en outra arca encorada con doux almohadóns labrados de seda negra e amarela, 2 labrados de seda negra vellos, 1 regalito branco vello, 5 sábas de lenzos e estopa delgada, unha mesa de manteis, 2 toallas, unha de desfiado e outra labrada de seda colorada, 2 onzas de fío branco, unhas pezas de prata, unha tira de rede labrada de negro e azul, unhas tiras de rede vellas.

En outra arca encorada con unha almohadilla de la rodilla de terciopelo negro, usada, e unhas “oras”.

En outra arca 2 pares de medias brancas, unhas de lenzo, unhas del plaço e outras de agaja, unha imaxen de Nosa Señora, unha camisa de ouro de home, unhas toallas brancas, unha mesa de manteis alamaniscos vella, 6 almohadas labradas de seda negra vella, 1 traveseiro labrado do mesmo , 3 regalitos brancos, 2 almohadas brancas de papilllos, unha cuchara de prata.

En outra arca, 1 colcha de lenzo, 2 alombras de mesa pequenas.

Outra arca encorada con unha maleta de coiro con moitas escrituras.

Un arca de pau con súas planchas de ferro por dentro con un cofreciño de paxa con escrituras, 2 almohadas de terciopelo de estrado e outras catro de lana de figuras, unha imaxe de Nosa Señora.

Outra arca de pau con unha cama branca de rede, outra enteira con outra flocadura de seda negra e branca, outra cama de lenzo e estopa da terra, toda listada, 8 sabas de estopa delgada, 1 colchón valeiro, 20 varas de pañizuelos alamaniscos da terra, 1

escarcela de terciopelo con su pretina do mesmo, 1 capa de pano con unha faixa de terciopelo por fora e unha de raso por dentro, unha gorra de terciopelo vella, 1 xubón de raso pespunteado de seda pardilla, vello, 1 saio de terciopelo negro, novo, guarnecido co seu forro de tafetán azul por dentro, outra capa de raja guarneceda con 3 faixas de terciopelo, 1 saio de raso, vello, 1 saio de veintedoseno, 1 almilla colorada, unhas calzas vellas con unha faixa de terciopelo negro, unha roupa de desnudar azul con unhas tiras de tercipelo azul e unhas toallas desfiadas de rede branca, outras calzas vellas de terciopelo, un xubón vello colchado.

Un leito de pau no que dormía o rexedor e nel un colchón de lá, unhas sabas de estopa, unha manta de burel, unha manta colorada vella e usada...

Outro leito de pau con un colchón de lá, 1 saba de estopa e 2 mantas frazadas.

Unha arca pequena de pau valeira, outra arca de pau con dúas doceas de lacóns de porco e medio touciño.

Sala principal; 3 panos de tapicería

Cámara e corredor que caía sobre a Fontaíña: 2 mantas de saial e 4 sabas de estopa vellas...(ilegible)

No alto da casa que cae sobre a horta: 4 ou 5 fanegas de pan centeo en gran, sobre unha manta de saial; 1 arca de pau con 1 verdugado de damasco amarelo con unhos verdugos de terciopelo colorado, unha basquiña e corpos de damasco morado coa sua guarnición, 1 saboiana de damasco carmesí guarnecido de terciopelo con 2 botóns de ouro; 1 saia de raso guarneceda de terciopelo, un manto de burato, outro manto de tafetán con doble guarnición de terciopelo, 1 basquiña amarela(ilegible), 1 saboiana de terciopelo negro guarnecido de terciopelo negro con 19 botóns de ouro, 1 ropa de tafetán que tiene doble, 1 basquiña de damasco azul guarneceda, unha mantilla de tercipelo forrada de tafetán, un manto de raxa de Segovia, 1 sombreiro de terciopelo con seu cordón de ouro, 5 pares de mangas de muller de seda de colores; un arca de palo con 5 fanegas de castañas secas..., 4 untos, 2 legones y aixadas, 5 piezas de guadamecías de cuero, 2 cuchiños de puerco bravo enteras, 2 colchones de lana, un sillón, un cazo de cobre, 2 canados viejos de palo, un almud de medir pan, 6 picheles de estaño grandes y pequeños.

Otra cámara de arriba junto a la cocina: 1 lecho de palo viejo donde dormían, con 1 colchón de lana y 2 sábanas de estopa, una manta frazada vieja..., 2 barcales grandes, 1 brasero viejo de hierro.

Cocina: 3 calderos de cobre, 3 cazuelas de hierro, unas grellas, 1 cazo, 3 asadores, 1 sartén, 1 calentador de cobre, 1 revolvedera, 1 barcal de palo, 2 capoeiras, 1 almirérez con su mano, 1 gramalleira de hierro, 3 cucharas de hierro, 25 tocinos enteros, 8 caluças de vaca.


Sala de arriba: un arca de palo grande vacía, otra arca grande con 8 ó 9 fanegas de trigo, otra arca que era del clérigo Juan do Campo, otra arca de palo grande con 36 meadas de lino, 41 novelos de estopa delgada grandes y pequeños, 4 meadas de estopa delgada...; otra arca de palo sin cobertura; una mula pardillo en que cabalgaba el regidor, un caballo murçillo.

Cámara que está en el bajo de la casa, en el corredor que va para la huerta, donde duermen los mozos: una guarnición de terciopelo de una mula, un lecho de palo con un colchón de lana y dos sábanas de estopa y dos mantas viejas.

Camara en donde dormía el canónigo Pedro Alvarez, hijo del regidor: Todo lo que tenía era de éste y no se recontó.

Bodega: Declara el criado que la tenía a su cargo: un tonel lleno de 3 moyos de vino, una cuba vacía de 10 moyos, una cuba de 9 moyos, llena de vino blanco, una cuba de 10 moyos llena de vino blanco, una cuba de 16 moyos vacía, una cuba de 8 moyos vacía, una cuba vacía, una cuba de 17 moyos llena de vino blanco, una cuba de 8 moyos, vacía, una cuba de 6 moyos vacía, 7 u 8 moyos de dichas cubas podían ser de Pero Enríquez, menor que había quedado de Rodrigo Vázquez Enríquez/fillo de Inés e neto do difunto.

## BELMONTE



### OCA (CELME)

